“*importancia relativa*” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”. Ou ben achacaba as listas de espera, entre outras cousas, ao aumento da demanda e a lonxevidade.

Ninguén dubida do bo facer das persoas profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai máis aló do que realmente lle corresponde e manteñen a calidade a pesar das deficiencias organizativas.

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronicidade das enfermidades e unha infinita inseguridade porque moitas veces as probas diagnósticas son imprescindibles para facer un diagnóstico por parte dos facultativos.

Pasa o tempo e vemos que non se pon remedio as avultadas listas de espera, o que xera queixas fundamentadas por parte dos pacientes e familiares. Listas que son maiores para facer unha resonancia, unha ecografía abdominal ou unha proba diagnóstica de radioloxía.

Esta liña ascendente, pon ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2025 13:33:44
Nº Rexistro: 21601
Data envío: 12/03/2025 13:33:44.210

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera polas probas diagnósticas na área sanitaria de Santiago-Barbanza?

Santiago de Compostela, a 12 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 12/03/2025 13:18:31

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2025 13:18:50

Silvia Longueira Castro na data 12/03/2025 13:19:02

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74267

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral en Pleno**, sobre a avaliación do avance no uso do galego por parte das
empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Título IV da Lei de normalización lingüística referido ao uso do galego nos
medios de comunicación regula os seguintes artigos:

Artigo 18

*O galego será a lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais
medios de comunicación social sometidos a xestión ou competencia das institucións da
Comunidade Autónoma.*

Artigo 19

*O Goberno Galego prestará apoio económico e material aos medios de
comunicación non incluídos no artigo anterior que empreguen o galego dun xeito
habitual e progresivo.*

Ao fin deste último artigo, a Secretaría Xeral de Medios vén convocando nos
últimos anos senllas axudas destinadas a potenciar o avance no uso da lingua galega nos
medios dirixidos por empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por unha banda, e a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integramente en galego, pola outra.

Nos dous casos estamos ante axudas que se resolven polo procedemento de concorrencia non competitiva, co obxectivo de apoiar a información orientada a alentar a defensa da identidade de Galiza, a promoción dos seus valores, a normalización da lingua e a defensa da súa cultura.

A distribución do crédito dirixido ás empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada foi a seguinte na última convocatoria de 2024:

- Axudas a xornais impresos en formato papel: 1.255.000,00 euros.
- Axudas a empresas radiofónicas privadas: 266.400,00 euros.
- Axudas a empresas xornalísticas que difundan a súa actividade informativa mediante a internet: 455.377,00 euros.

No caso das axudas dirixidas a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integramente en galego a contía da convocatoria a repartir foi de 40.000 euros no exercicio de 2024.

En ambos os dous casos estas cifras véñense mantendo inalteradas nos últimos anos, independentemente de se teren acrecentado no seu conxunto os orzamentos da Xunta de Galiza, o que demostra a falta de interese do goberno do PP para facer avanzar a normalización lingüística no uso do galego nos medios de comunicación impresos e radiofónicos de titularidade privada.

Un obxectivo do goberno do PP conseguido, como se pode comprobar nunha percepción contrastada da lectura ou audición destes medios de comunicación. Malia seren, ano tras ano, estas empresas xornalísticas agraciadas con importantes cantidades de diñeiro público, non se verifican avances no uso da lingua galega na transmisión dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seus contidos, o que implicaría o incumprimento dunha parte do articulado do Estatuto de Autonomía que senta as bases da propia convocatoria, ou mesmo da propia Lei de normalización lingüística.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora a Xunta o avance no uso do galego por parte das empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada, ao abeiro das axudas públicas para este fin?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/03/2025 14:02:27

Iria Taibo Corsanego na data 12/03/2025 14:03:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 12/03/2025 14:03:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Iria Carreira Pazos, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o aumento no consumo de drogas realizadas con benzodicepinas entre a mocidade en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As benzodicepinas (BZD) son unha clase de fármacos con efectos hipnóticos, ansiolíticos, anticonvulsivos, amnésicos e miorrelaxantes. Trátase de fármacos moi prescritos polo que a súa dispoñibilidade é moi ampla en Galiza. Segundo se puido saber nos últimos tempos e segundo denunciaron desde a Fundación Galega contra o Narcotráfico, xa se percibe un aumento preocupante entre a mocidade galega no consumo de drogas realizadas con estes fármacos.

En concreto, as persoas expertas alertan de que incrementa o uso de drogas como a denominada ‘karbuki’ que se consegue após a mestura de benzodiazepinas (como o Rivotril) con haxix, alcohol ou mesmo pegamento. Esta droga é, normalmente, consumida por persoas que toman outros estupefacientes, polo que o incremento no seu uso é, se cabe, máis alarmante. A todo isto súmase o feito de que é entre a mocidade onde máis se percibe este aumento.

As persoas expertas nesta materia veñen alertando que desde a pandemia da Covid-19 a porcentaxe de mozas e mozos que consumen este tipo de drogas depresoras sobe, polo que o goberno galego debe apresurarse a realizar un plan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que vise aplacar este incremento. Un plan que, ao ver do Grupo Parlamentar do BNG, debe ser integral e actuar en varias fronteiras para que a súa eficacia sexa a maior posíbel. Ante a falta de alternativas de lecer, ante a desidia que moita xuventude sofre, ante a falta de oportunidades laborais e de acceso á vivenda que tanto afecta a mocidade galega, este aumento é cando menos previsíbel, polo que a estratexia para o reducir ten que ser, como se indicou, integral.

Este aumento ten consecuencias evidentes, na Fundación Galega Contra ou Narcotráfico tamén poñen no foco na vinculación que ten o consumo de drogas con "moitísimos" episodios de violencia. Así, alertan alíase de que os gobernos deben reaccionar politicamente ante un problema que cada vez é máis real e máis claro entre a sociedade e a mocidade deste país.

Por todo o exposto anteriormente fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que opina o goberno galego do aumento constatado no consumo de drogas elaboradas a partir das benzodicepinas entre a mocidade e ten estratexia para tentar aplacar este incremento?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 12/03/2025 17:33:33

Iria Carreira Pazos na data 12/03/2025 17:33:37





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a decembro do 2024. Na área sanitaria de Ourense-Verín-O Barco temos 8.173 persoas esperando unha proba diagnóstica.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e moi especialmente na área sanitaria de Ourense-Verín-O Barco, probas diagnósticas.

Porque ademais os datos son peores que os que tiñamos a mediados de ano que eran 6.949 persoas, é dicir, que en 6 meses aumentamos máis de mil persoas esa lista de espera.

Pero como tamén é lóxico facer a comparación co ano anterior, atopámonos con que os datos son peores: 7.209 persoas tiñamos a finais do ano 2023 e 8.173 a finais do ano 2024.

O conselleiro dixo na presentación dos datos: "Sabemos que uno de los asuntos que más preocupan a los gallegos son las listas de espera, que nos permiten establecer prioridades y garantizar que no espere todo aquello que es urgente".





Pois urxente é camiñar cara adiante, baixando as listas de espera e non que cada semestre se incrementen.

A ver se sabendo que é un dos asuntos que máis lle preocupan se preocupa, porque non esquezamos que non hai moito pedía “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de agarda na saúde dos doentes”. Ou ben achacaba as listas de espera, entre outras cousas, o aumento da demanda e a lonxevidade.

Ninguén dúbida do bo facer das persoas profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai máis aló do que realmente lle corresponde, manteñen a calidade a pesares das deficiencias organizativas.

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade. Inseguridade porque moitas veces as probas diagnósticas son imprescindibles para facer un diagnóstico por parte dos facultativos.

Pasa o tempo e vemos que non se pon remedio as avultadas listas de espera, o que xera queixas fundamentadas por parte dos doentes e familiares. Listas que son maiores para facer unha resonancia, unha ecografía abdominal o unha ecografía musculoesquelética. Tres probas que especialmente aumentan no último ano.

Esta liña ascendente, pon ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2025 18:19:54
Nº Rexistro: 21625
Data envío: 12/03/2025 18:19:54.978

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera en probas diagnósticas na área sanitaria de Ourense-Verín-O Barco, especialmente no Hospital Universitario de Ourense?

Parlamento de Galicia, 12 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/03/2025 17:06:26

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2025 17:06:38

Silvia Longueira Castro na data 12/03/2025 17:06:51

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74277

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a decembro do 2024. Na área sanitaria de Vigo temos 23.599 persoas esperando unha proba diagnóstica.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e moi especialmente na área sanitaria de Vigo, probas diagnósticas.

Porque ademais os datos son peores que os que tiñamos a finais de ano que eran 20.502 persoas. Pero como tamén é lóxico temos que facer a comparación co ano anterior e atopámonos con que os datos son peores: 20.502 persoas eran a finais do ano 2023 e 23.599 a finais do ano 2024.

O conselleiro dixo na presentación dos datos: "Sabemos que uno de los asuntos que más preocupan a los gallegos son las listas de espera, que nos permiten establecer prioridades y garantizar que no espere todo aquello que es urgente".

Pois é urxente camiñar cara adiante, baixando as listas de espera e non que cada semestre se incrementen.





Se sabemos que é un dos asuntos que máis lle preocupan ao conselleiro, esperemos que realmente lle preocupe, porque non esquezamos que non hai moito pedía “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”. Ou ben achacaba as listas de espera, entre outras cousas, o aumento da demanda e a lonxevidade.

Ninguén dúbida do bo facer das persoas profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai máis alá do que realmente lle corresponde, manteñen a calidade a pesares das deficiencias organizativas.

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do doente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de situacións estresantes que non contribúen ao seu benestar. Inseguridade durante o tempo de espera porque moitas veces as probas diagnósticas son imprescindibles para facer un diagnóstico por parte dos facultativos.

Pasa o tempo e vemos que non se pon remedio as avultadas listas de espera, o que xera queixas fundamentadas por parte dos doentes e familiares. Listas que son maiores para facer unha resonancia, un TAC, unha ecografía abdominal o unha ecografía musculoesquelética, una ecografía tiroidea, ou unha proba diagnóstica de radioloxía convencional.

Esta liña ascendente, pon ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de agarda de probas diagnósticas na área sanitaria de Vigo?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2025 18:21:47
Nº Rexistro: 21630
Data envío: 12/03/2025 18:21:47,526

Parlamento de Galicia, 12 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2025 17:59:06

Carlos López Font na data 12/03/2025 17:59:19

Silvia Longueira Castro na data 12/03/2025 17:59:31

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74280

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Cerdeiriñas é un centro situado no rural, concretamente na parroquia de Piloño pertencente ao concello de Vila de Cruces, e conta con 66 crianzas matriculadas no curso actual.

A totalidade do alumnado gozaba, ate o de agora, dun servizo de comedor con cociña propia, onde un profesional sen praza fixa levaba a cabo a súa función, a maiores de atender ás crianzas durante os xantares, coa axuda do alumnado de maior idade.

Dado o remate do contrato temporal do encargado do servizo de cociña e, por mor de non ter previsto facerlle a renovación deste por implicar que o contratado podería reclamar a súa praza polo tempo que permaneceu nela e ser susceptible dun contrato como fixo, o cociñeiro viu finalizar a súa estadía laboral en Piloño, pasando a unha situación de desemprego.

Este pasado martes, con 24 horas de antelación, a dirección do centro, de grande capacidade organizativa e responsabilidade, recibiu unha comunicación por parte da Consellería de Educación na que se especificaba que o mesmo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mércores desa semana os escolares non gozarían de servizo de comedor. Tras reunirse a Comisión de emerxencia constituída no seo do Consello escolar, o centro comunicou os feitos ás familias, co estrés e preocupación correspondentes por parte destas, as que se ofertaba a posibilidade de recoller ás crianzas para levalas xantar ás súas residencias ou que estas levasen a súa propia comida ao CEIP.

Dende a Consellería, visto o caos que se creou ao informar desta situación, horas despois anunciaban que no centro educativo se recibiría un servizo de catering. O problema que se xera con esta medida insuficiente e de pouca previsión é a falla de atención das crianzas durante o xantar, ao que os mestres se negaron por non ser parte das súas funcións, de xeito que as familias non saben a día de hoxe que pasará coas súas crianzas á hora da comida.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que agardou a Xunta de Galiza ao mesmo día da falla de servizo na cociña do CEIP Cerdeiriñas de Piloño para tomar as medidas necesarias?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2025

Asdo.: Ariadna Fernández González

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 12/03/2025 18:32:47

Ariadna Fernández González na data 12/03/2025 18:32:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Noa Presas Bergantiños e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a colaboración da Xunta de Galiza con actos nos que se utiliza a toponimia oficial deturpada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O venres 14 de marzo o programa *Es la mañana de Federico* emitírase desde Ourense, e a cartelaría que divulga o programa faíno utilizando o topónimo non oficial da cidade. Esta mesma cartelaría leva o logotipo da Xunta de Galiza, incumprindo a lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece no seu artigo 10.1: “Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega”. Isto é así independentemente da lingua na que se escriba.

Calquera colaboración do goberno galego debe implicar o respecto desta oficialidade, en todos os casos.

Por todo o exposto anteriormente fórmase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

A que se debe que o goberno galego apoie eventos nos que non se respecta a toponimia oficial galega?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/03/2025 22:00:26

Noa Presas Bergantiños na data 12/03/2025 22:00:29

Iria Taibo Corsanego na data 12/03/2025 22:00:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da Atención Primaria do concello de Ribadeo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da Atención Primaria do concello de Ribadeo leva xa anos sendo de absoluto colapso. Unha situación na que tanto os servizos de pediatría, medicina de familia e matrona están en permanente perigo xa que o goberno do Partido Popular é incapaz de cubrir de xeito continuo calquera destes tres servizos.

No que ten a ver co servizo de pediatría soamente se está a cubrir dous ou tres días a semana con dous pediatras en turnos de soamente catro horas, todo isto para un concello de dez mil habitantes e cun servizo de PAC que dá tamén servizo a outros dous concellos.

En canto ao servizo de matrona é necesario destacar que se vén ofrecendo soamente un día á semana, e soamente nalgúns casos acode ao Centro de Saúde outro día máis á semana.

No tocante ao servizo de médico ou médica de familia, a situación é tamén absolutamente inaceptable, xa que desde o 23 de decembro de 2024 os e as ribadenses ven como unhas das prazas por xubilación segue sen cubrir. Do mesmo xeito que non se cubriu outra das prazas que quedou baleira por xubilación no pasado mes de febreiro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén de todo isto, hai que ter en conta que hai outra xubilación máis no mes de xullo deste ano, outras dúas prazas atópanse xa en prórroga de xubilación e outra praza está cuberta soamente cada dúas semanas.

Todo isto, de xeito resumido, describe unha situación de absoluto colapso no que a atención sanitaria e de calidade non está en absoluto garantida no concello de Ribadeo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza mellorar a situación da Atención Primaria do Centro de Saúde de Ribadeo?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 13/03/2025 09:48:12

María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2025 09:49:05



Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Unha persoa de cada cinco sofre soidade non desexada en Galicia (19,8 %), cifra levemente inferior la media nacional (20,0 %) pero que dá unha voz de alerta sobre o particular. Segundo avanza un estudio da Fundación ONCE.

A soidade crónica situaríase no 15,2 % da poboación, por riba da media nacional (13,5 %), sendo un problema persistente xa que na nosa comunidade a duración da soidade é maior que no conxunto do país. O 77,0 % das persoas que a sofren levan nesta situación dende fai máis de 2 anos, cifra que é superior á media nacional (67,7%). E un 56,4% desde fai máis de tres (comparado co 59% no conxunto do país).alfo inferior respecto á media nacional (36,6%)

Das persoas que non senten a soidade no momento actual, un terzo (34,7 %) tivo unha etapa na que sentiu soidade, algo inferior respecto á media nacional (36,6 %). E a soidade non desexada é similar entre homes e mulleres: un 20 % de mulleres fronte a un 19,7 % de homes.

O dato toma relevancia cando pescudamos que a soidade non desexada está especialmente estendida entre a xuventude. As persoas entre 18 e 34 anos teñen unha prevalencia superior que os outros dous grupos de idade estudados con un 35,5 % (fronte a un 12 % entre 35 e 54 anos e un 19,9 % entre as persoas de 55 e máis anos).





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2025 10:30:36
Nº Rexistro: 21651
Data envío: 13/03/2025 10:30:36.462

As persoas de entre 18 e 34 anos teñen unha prevalencia superior que os outros dous grupos de idade estudados con un 35,5 % (fronte a un 12 % entre 35 e 54 anos e un 19,9 % entre as persoas de 55 e máis anos).

Con estes datos, e coa casuística galega particular sobre a emerxencia demográfica que está a pasar, onde unha parte cada vez maior do territorio está baleira, entendemos que se abre un problema que precisa dunha atención particular por parte do goberno da Xunta de Galicia.

Por tal motivo, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia a presentación dun programa específico para combater a soidade non desexada en Galicia?

Santiago de Compostela, a 12 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 13/03/2025 09:58:44

Elena Espinosa Mangana na data 13/03/2025 09:58:57

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74289

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O envellecemento en Galicia deixa a cifra de 20.000 dependentes que viven sos nos seus fogares. Isto supón que 1 de cada catro habitantes de Galicia superou os 65 anos e o envellecemento increméntase cada ano xa que non hai un contrapeso debido a emerxencia demográfica galega, onde a natalidade está a baixa.

O feito de que aínda se manteña unha certa conexión familiar, propicia a existencia de redes de apoio que, ben é certo, cada día diminúen un pouco máis. Isto propicia que haxa de esforzarse en dispoñer de máis servizos de proximidade; xa que, ademais, en Galicia hai 103.000 familias con membros en situación de dependencia.

O feito da baixada da natalidade e polo tanto da extinción paulatina das redes de apoio familiar, urxe da planificación dos servizos de proximidade que sosteñan esta situación e sirvan tamén de prevención e alerta ante situacións desfavorables.

Estas dúas tendencias (a baixada de natalidade e a extinción de redes de apoio familiar) levaron a que 20.056 familias contén con todos os membros en situación de dependencia, superando o dato de 2017 onde eran 16.169 familias. E segundo datos do IGE, este incremento irá a máis. E será especialmente grave para os matrimonios de persoas de avanzada idade nos que ambos teñan algunha dependencia ou para os dependentes que vivan





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2025 10:32:24
Nº Rexistro: 21657
Data envío: 13/03/2025 10:32:24.541

solos. Con un dato moi significativo: desde o ano 2007 non se abre en Galicia ningunha residencia totalmente pública.

Ante tal situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Pleno:

Cales son as medidas principais que planifican levar a cabo desde a Consellería de Política Social e Igualdade para facer fronte ao envellecemento da poboación galega e a súa casuística?

Santiago de Compostela, a 12 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 13/03/2025 09:58:33

Elena Espinosa Mangana na data 13/03/2025 09:58:47

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74291

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a importancia de o goberno da Xunta elaborar un plan específico para os museos e centros museísticos galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2021 o Partido Popular aprobou en solitario a Lei de museos e outros centros museísticos.

Desde o BNG defendemos o voto en contra a este proxecto de lei argumentando que se trataba dun texto conservador, limitado e desactualizado, xa que ignoraba as novas correntes da museoloxía como é atender a función social.

Catro anos despois, o desenvolvemento desta lei, chamada a ser pioneira por parte do goberno do PP, é máis que cuestionábel.

Neste tempo a regulación lexislativa non serviu para cumprir cos obxectivos por falta de vontade do goberno da Xunta para co seu desenvolvemento.

Así se recolle na *Análise da situación dos museos e outros centros museísticos en Galicia* elaborada recentemente polo Consello da Cultura Galega co obxectivo de diagnosticar o estado dos centros museísticos en Galiza a través dunha *investigación na que se combina unha explotación das fontes estatísticas secundarias relacionadas cos museos coa obtención de datos propios*.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nesta análise conclúese que, mentres que medra o interese da sociedade galega polos museos, non se ten producido unha atención correspondente por parte do goberno do PP.

Algunhas das eivas identificadas neste informe fan referencia á ausencia dun incremento proporcional na calidade dos contidos, constátase a falta de recursos que chega a identificarse coa precariedade nalgúns museos, o que impide acometer as tarefas máis básicas de mantemento e custodia dos fondos; a insuficiente modernización tecnolóxica ou os horarios pouco axeitados e insuficiencia de recursos humanos e a mellora da profesionalización como materia pendente.

O nivel de coordinación entre os museos galegos percíbese como insuficiente, consecuencia da demora en crear o goberno o Sistema Galego de Centros Museísticos que recollía a propia lei.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións derivadas do desenvolvemento da Lei de museos e centros museísticos de Galiza impulsou o goberno galego desde a súa aprobación?

Santiago de Compostela, 13 de marzo febreiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Za**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/03/2025 10:42:26

Daniel Castro García na data 13/03/2025 10:43:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as reivindicacións do persoal de Correos na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O derogado Real Decreto Lei 9/2024, de 23 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes en materia económica, tributaria, de transporte e de Seguridade Social, e prorróganse determinadas medidas para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social, continúa medidas en relación á entidade pública Correos que fixeron saltar as alarmas dos traballadores e traballadoras.

Este RD contemplaba unha serie de medidas lesivas para o mantemento do Servizo Postal Universal que debe prestar Correos. Así, ao tempo que o derogado RD Lei declaraba Correos como prestador do Servizo de Interese Económica Xeral, incluía na disposición final cuarta un apartado que permitiría negar ao persoal de Correos a condición de empregados públicos.

Nesa disposición estableceíase expresamente que non será preciso aplicar o artigo 9.2 da Lei 7/20277, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público cando as funcións ou servizos sexan de “interese económico xeral”. É dicir, que de reiterarse o mantemento destas modificacións normativas estarase impedindo a aplicación do fixado no EBEP que di que “en todo caso, o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas corresponden exclusivamente aos funcionarios públicos”.

Ademais, prevense unha serie de medidas sobre cálculo e redución de custes que, de seguro, vai derivar en reducións de persoal así como nunha desregulación funcional, laboral e retributiva dos traballadores e traballadoras de Correos.

Certamente, o oportuno sería que o Goberno procedese a incorporar o persoal de Correos ao Convenio Único da Administración Xeral do Estado para que sexan considerados empregados públicos de pleno dereito.

A norma recortaba o período de tempo como prestador do Servizo Postal Universal a través dun contrato programa. No ano 2010 o devandito contrato estableceuse por un período de 15 anos (2010-2025), mais no RD derogado rebaixouse a 5 anos (2025-2030).

Ademais, incluía medidas negativas para a calidade do servizo no ámbito rural. Por exemplo, para o cálculo do custo da prestación do SPU só se contempla o ámbito urbano, ficando excluído o rural. Algo que resulta incomprensíbel tendo en conta que os contornos rurais son os máis deficitarios para Correos.

Tamén se introducía un posíbel escenario de reparto de paquetería en tres días por semana en lugar dos cinco días á semana establecidos en base á garantir o dereito ao acceso universal, e o fechamento de oficinas de atención ao público dependendo da súa rendibilidade.

De levarse adiante estas medidas, suporá un duro revés para os servizos postais no ámbito rural galego, por iso, sería pertinente que o Parlamento Galego se pronunciase ao respecto destas medidas, hoxe derogadas, mais non definitivamente desbotadas no futuro Real Decreto Lei que ten previsto aprobar o Goberno coas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

materias que quedaron pendentes despois da non convalidación do Real Decreto Lei 9/2024.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que opinión lle merecen á Xunta de Galiza as medidas relativas ao servizo de Correos que contiña o non convalidado RD 9/2024?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 13/03/2025 11:15:14

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/03/2025 11:15:46





Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de agarda por especialidades e áreas sanitarias, referentes a decembro do 2024. Na área sanitaria de Ourense-Verín-O Barco temos 5.931 persoas esperando unha cirurxía.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e moi especialmente na área sanitaria de Ourense-Verín-O Barco, son as listas de agarda das cirurxías.

Pero como tamén é lóxico facer a comparación co ano anterior, atopámonos con que os datos son peores: 4.899 persoas tiñamos a finais do ano 2023 e 5.931 a finais do ano 2024.

O conselleiro dixo na presentación dos datos: "Sabemos que uno de los asuntos que más preocupan a los gallegos son las listas de espera, que nos permiten establecer prioridades y garantizar que no espere todo aquello que es urgente".

Pois é urxente camiñar cara adiante, baixar as listas de agarda e non que cada ano se incrementen.

A ver se sabendo que é un dos asuntos que máis lle preocupan o conselleiro, realmente se preocupa, porque non esquezamos que non hai moito pedía





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2025 12:18:57
Nº Rexistro: 21676
Data envío: 13/03/2025 12:18:57,300

“importancia relativa” ás listas de agarda e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de agarda na saúde dos doentes”. Ou ben tachaba as listas de agarda, entre outras cousas, como un aumento da demanda e a lonxevidade.

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes porque o malestar do doente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades etc. E na maior parte das veces, inseguridade porque unha intervención é imprescindible para que o doente poida resolver os seus problemas.

Pero pasa o tempo e vemos que non se pon remedio ás avultadas listas de agarda, o que xera queixas fundamentadas por parte dos doentes e familiares. Listas que son maiores para facer una cirurxía traumatolóxica, oftalmolóxica, ou cirurxía xeral ou dixestiva por poñer algún exemplo.

Esta liña ascendente, pon a descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de agarda de cirurxía na área sanitaria de Ourense-Verín-O Barco?

Parlamento de Galicia, 13 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/03/2025 12:13:06

Elena Espinosa Mangana na data 13/03/2025 12:13:17

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74299

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2025 12:18:57
Nº Rexistro: 21676
Data envío: 13/03/2025 12:18:57.300

Silvia Longueira Castro na data 13/03/2025 12:13:31

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74300

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o impulso de melloras estruturais no CEIP Plurilingüe de Carnota.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Plurilingüe de Carnota inaugurouse no ano 1974 e dende ese ano non se volveu facer ningunha reforma estrutural do mesmo, si pequenas reparacións e varias mans de pintura. Mais a realidade é que a ANPA do colexio vén denunciando a situación de penosidade na que se atopa, e que precisa de reformas estruturais que debe resolver a Xunta de Galiza.

A ANPA dirixiuse por carta ao Conselleiro de Educación en decembro de 2024 dándolle traslado do informe elaborado polo propio colexio no que se recollen as necesidades máis urxentes e as reformas que precisan realizar para impartir as aulas en mellores condicións que as existentes e queixándose de que nos últimos oito anos non se atenderon, por parte das administracións, ningunha das peticións realizadas, incluso algunhas de mantemento de carácter anual.

Neste informe relatan que o sistema de calefacción non funciona correctamente, cunha caldeira antiga e cun depósito con lodos que non se limpan, ao que se suma unhas fiestras antigas de aluminio de cristal simple, con caixas sen aillar e unha mala orientación do centro, xa que só da o sol pola tarde. A vista disto, é necesario afrontar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reformas de illamento e de eficiencia enerxética, como primeira medida urxente e que non pode demorarse máis.

Pero son moitas máis as reformas, que son estruturais e que precisan unha actuación por parte da consellería, como pode ser a do tellado do centro de ensino, as filtracións e humidades no ximnasio, que impide que os nenos e nenas poidan usalo na súa totalidade nos días de choiva ou o afundimento do piso nalgúns aulas e corredores, que indican que o centro non ten a cimentación nas condicións adecuadas, polo que sería oportuno facer un informe xeotécnico e arquitectónico.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Consellaría de Educación executar as obras urxentes solicitadas pola ANPA para garantir os dereitos da comunidade educativa no centro de ensino CEIP Plurilingüe de Carnota?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 13/03/2025 12:20:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 13/03/2025 12:20:10



A Mesa do Parlamento

Patricia García González, Julio García Comesaña, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O proxecto do Instituto IES Domingo Villar foi informado no Consello da Xunta en decembro de 2024, nun paso clave para a súa aprobación definitiva. Este proxecto, que supón un investimento total de 19 millóns de euros, un 36% máis do orzamento inicialmente contemplado, enmárcase no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica da Xunta e terá capacidade para 700 estudantes, cunha superficie de 8.200 m². As obras comezarán en 2025, cun prazo de execución de 24 meses, estando previsto que o centro estea operativo en 2027.

É importante destacar que a aprobación orzamentaria para o Instituto IES Domingo Villar reflicte un esforzo significativo para desenvolver infraestruturas educativas en Vigo como resposta ás demandas da cidade, subliñando os criterios de sustentabilidade e integración paisaxística do proxecto.



O 10 de decembro de 2024, a Consellería de Educación remitiu ao Concello de Vigo a solicitude de licencia para a construción do Instituto, a cal xa foi, polo tanto, recepcionada pola Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

Como a obtención da licenza correspondente é un paso necesario para avanzar cara á licitación das obras, e dado que, para cumprir cos prazos establecidos no proxecto básico, se deben iniciar as obras no ano 2025 cun prazo de execución de 24 meses, é polo que os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional en canto aos avances administrativos e legais necesarios para que se inicien as obras no Instituto IES Domingo Villar de Vigo?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 13/03/2025 12:23:03

Julio García Comesaña na data 13/03/2025 12:23:22

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de agarda en Galicia?

Parlamento de Galicia, 13 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 13/03/2025 18:26:48

Silvia Longueira Castro na data 13/03/2025 18:27:00

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74340

@PSdeG



A Mesa do Parlamento

Juan Casares Gándara, Alberto Pazos Couñago, Cristina Sanz Arias, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Noelia Pérez López, Manuel Santos Costa e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia.**, ao abeiro do disposto no artigo, 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia que os procesos de estabilización do persoal teñen para a administración pública galega e a necesidade da correspondente avaliación.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público supón para as Administracións Públicas o mandato de redución da temporalidade no emprego público con obxecto de situala por debaixo do 8% seguindo directrices europeas.

Así, a Xunta de Galicia, leva anos facendo un gran esforzo para colocar a taxa de temporalidade no emprego público por debaixo do obxectivo do 8% fixado pola lexislación do Estado.

Así, no ámbito do Emprego Público en Galicia xa foron convocados 210 procesos selectivos derivados da Lei 20/2021, dos que 151 son polo sistema de concurso de méritos e 59 polo sistema de concurso oposición. Isto significa un total de 5.675 prazas das que 397 se corresponden con prazas convocadas pola quenda de discapacidade.

Por todo o exposto os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a valoración da Xunta de Galicia dos procesos de estabilización levados a cabo no marco da Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 17/03/2025 11:10:14

Alberto Pazos Couñago na data 17/03/2025 11:10:28



Cristina Sanz Arias na data 17/03/2025 11:10:44

Miguel Fidalgo Iglesias na data 17/03/2025 11:10:59

Julio García Comesaña na data 17/03/2025 11:11:11

Patricia García González na data 17/03/2025 11:11:24

Noelia Pérez López na data 17/03/2025 11:11:39

Manuel Santos Costa na data 17/03/2025 11:11:53

Gonzalo Trenor López na data 17/03/2025 11:12:02



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola decisión da Xunta de Galicia de dar luz verde ambiental ao proxecto de Greenfiber en Palas de Rei condicionada ás exixencias dos informes sectoriais e da declaración de impacto

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou o pasado 14 de marzo a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) relativa ao proxecto Gama, que a multinacional Altri deseñou para a localidade lucense de Palas de Rei -a través de Greenfiber-.

Unha vez coñecido que o proxecto, para a que sería a primeira fábrica de fibras téxtiles biodegradables de Galicia, superou o proceso de avaliación ambiental, aínda que está condicionado ás exixencias dos informes sectoriais e da declaración de impacto (DIA), gustaríanos coñecer as principais conclusións desta DIA e os principais resultados dos 34 informes elaborados polos técnicos dos diferentes departamentos.

O Grupo Parlamentario do Partido Popular considera que é preciso dar unha mensaxe de tranquilidade á cidadanía polas controversias que está a xerar este proxecto como consecuencia de informacións interesadas dalgúns grupos. É tamén importante informar con rigor das características principais desta iniciativa empresarial na que a produción da pasta soluble será a materia prima para fornecer á produción de lyocell, asumindo unha oferta que na actualidade se comercializa fóra de Galicia.





Dado que a DIA é o instrumento encargado de determinar como e de que xeito se poden minimizar, compensar ou mesmo restaurar as zonas afectadas pola posta en marcha dun proxecto é polo que, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

- Cales son as principais conclusións técnicas da Declaración de Impacto Ambiental do proxecto de Greenfiber en Palas de Rei?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 17/03/2025 13:36:52

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/03/2025 13:36:58

Carmen Pomar Tojo na data 17/03/2025 13:37:09

José Luis Ferro Iglesias na data 17/03/2025 13:37:34

Cristina Campero Dorado na data 17/03/2025 13:37:49

María Deza Martínez na data 17/03/2025 13:38:03

Argimiro Marnotes Fernández na data 17/03/2025 13:38:18

Roberto Rodríguez Martínez na data 17/03/2025 13:38:43

Katherinie Varela Fernández na data 17/03/2025 13:38:53



Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polas declaracións da secretaria xeral de Transportes Terrestres do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible que, en resposta a unha pregunta do Grupo Popular no Congreso, asegurou que "non é viable na actualidade" o rescate da AP-9, polo "altísimo volume de gastos que iso conlevaría".

Estas afirmacións rebaixan as lexítimas aspiracións de Galicia, apoiadas en varios acordos aprobados por unanimidade polo conxunto dos grupos políticos do Parlamento de Galicia e o conxunto da sociedade.

Ademais, estas declaracións, tampouco veñen acompañadas do estudo comprometido polo Goberno de España sobre as vías xurídicas para a anulación da prórroga e valoración dos custes económicos que tería a asunción da xestión directa da autopista AP-9. Todo iso a pesar de que esta avaliación viña obrigada por un acordo tanto do Parlamento de Galicia, como do Congreso. Para Galicia é prioritario poder considerar os custos que xa soporta hoxe o Estado para financiar as actuais bonificacións e as peaxes na sombra, pero tamén os que quedan ata o fin da concesión.

É polo que, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

- Que valoración fai a Xunta de Galicia das declaracións efectuadas polo Goberno de España nas que descarta por "non viable" o rescate da AP-9?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 17/03/2025 13:40:10

Carmen Pomar Tojo na data 17/03/2025 13:40:22

Gonzalo Trenor López na data 17/03/2025 13:40:37

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/03/2025 13:40:58

Cristina Campero Dorado na data 17/03/2025 13:41:07

Katherinie Varela Fernández na data 17/03/2025 13:41:18

María Deza Martínez na data 17/03/2025 13:41:27

José Luis Ferro Iglesias na data 17/03/2025 13:42:07

Argimiro Marnotes Fernández na data 17/03/2025 13:42:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre a captación de auga no encoro de Portodemouros no marco do proxecto Gama.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer canto antes a valoración da Xunta de Galiza da solicitude realizada polo proxecto Gama para a captación de 46.000 metros cúbicos de auga diarios no encoro de Portodemouros.

Exposición de motivos

O proxecto Gama de Greenfiber para instalar unha macrocelulosa en Palas de Rei contempla unha petición para a concesión de augas durante 75 anos co obxecto de captar diariamente 46.000 metros cúbicos de auga no encoro de Portodemouros. Esta solicitude de concesión realízase sen ter en consideración os efectos do cambio climático e da escaseza de auga, e especialmente na época estival.

Diante disto, e dado o impacto da solicitude, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Valorou a Xunta de Galiza a consideración dos efectos do cambio climático e da escaseza de auga, sinaladamente na época estival, na petición do proxecto Gama para a concesión de augas solicitada para 75 anos que contempla unha captación de 46.000 metros cúbicos de auga cada día no encoro de Portodemouros?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 17/03/2025 17:02:02





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 17:26:43
Nº Rexistro: 21890
Data envío: 17/03/2025 17:26:43,216

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral urxente en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada ante as sentencias que acaban de recoñecer o dereito das nenas e nenos galegos ao acceso ás axudas educativas no eido da educación inclusiva.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o goberno da Xunta de Galicia sobre as mencionadas sentencias?

Santiago de Compostela, a 17 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 17/03/2025 16:31:56

Julio Abalde Alonso na data 17/03/2025 16:32:07





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 18:20:58
Nº Rexistro: 21905
Data envío: 17/03/2025 18:20:58,362

Á MESA DO PARLAMENTO

José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, cre vostede que vén de tramitar con normalidade, transparencia e plena legalidade os procedementos que teñen que ver co proxecto industrial que Altri pretende implantar en Galicia?

Santiago de Compostela, 17 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 17/03/2025 18:18:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

Sr. Rueda, por que quere impoñer en Galiza a macrocelulosa que non quere Portugal?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/03/2025 18:23:13



A Mesa do Parlamento

Juan Casares Gándara, Alberto Pazos Couñago, Cristina Sanz Arias, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Noelia Pérez López, Manuel Santos Costa e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia.**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia que os procesos de estabilización do persoal teñen para a administración pública galega e a necesidade da correspondente avaliación.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público supón para as Administracións Públicas o mandato de redución da temporalidade no emprego público con obxecto de situala por debaixo do 8% seguindo directrices europeas.

Así, a Xunta de Galicia, leva anos facendo un gran esforzo para colocar a taxa de temporalidade no emprego público por debaixo do obxectivo do 8% fixado pola lexislación do Estado.

Así, no ámbito do Emprego Público en Galicia xa foron convocados 210 procesos selectivos derivados da Lei 20/2021, dos que 151 son polo sistema de concurso de méritos e 59 polo sistema de concurso oposición. Isto significa un total de 5.675 prazas das que 397 se corresponden con prazas convocadas pola quenda de discapacidade.

Por todo o exposto os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é a valoración da Xunta de Galicia dos procesos de estabilización levados a cabo no marco da Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público?



2.- Cal será a taxa de temporalidade estrutural ao remate dos procesos?, cumprirase a previsión de rebaixa da temporalidade ao 8% ou ao 7% tal como se acordou coas organizacións sindicais a través do acordo de concertación previo as indicacións do estado do 8%?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 17/03/2025 11:07:45

Alberto Pazos Couñago na data 17/03/2025 11:07:59

Cristina Sanz Arias na data 17/03/2025 11:08:20

Miguel Fidalgo Iglesias na data 17/03/2025 11:08:33

Julio García Comesaña na data 17/03/2025 11:08:44

Patricia García González na data 17/03/2025 11:08:56

Noelia Pérez López na data 17/03/2025 11:09:10

Manuel Santos Costa na data 17/03/2025 11:09:22

Gonzalo Trenor López na data 17/03/2025 11:09:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á posta en marcha dun seguro público para asegurar unha produción mínima e uns ingresos dignos aos traballadores e traballadoras do mar en inactividade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos as condicións climatolóxicas foron especialmente duras para o sector pesqueiro e marisqueiro galego, disparando a perda de produtividade das rías galegas, agravando seriamente a situación económica dos traballadores e traballadoras do mar e provocando incluso un número importante de baixas definitivas no sector, xa dificilmente recuperábeis.

Precisamente, para tratar de cubrir este tipo de situacións extraordinarias, moitas veces moi daniñas, e para que as súas repercusións afectasen o menos posíbel ás rendas dos mariñeiros e mariscadores e mariscadoras, o Goberno galego puxera en funcionamento, no período correspondente á lexislatura 2005-2009, un seguro por mal tempo.

Foi unha medida de indubidábel carácter social e da que ata aquela altura non había referencias en ningún outro territorio costeiro do Estado. Tiña fundamentalmente dous obxectivos: Resarcir ás persoas que traballan no mar garantíndolles uns ingresos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

equivalentes aos dun día ordinario de traballo, e por outra parte mellorar a súa seguridade ao evitar que teñan que saír ao mar en condicións meteorolóxicas adversas.

Como moitas outras medidas que se implantan por primeira vez, o chamado seguro por mal tempo tivo algunhas dificultades na súa aplicación, mais o Goberno bipartito amosou disposición para mellorar o sistema, tal e como se fixera no seu día cos seguros agrarios que aínda permanecen a día de hoxe dentro das partidas orzamentarias da Consellaría de Medio Rural.

Mais o cambio de Goberno no 2009 eliminou de raíz esta e outras medidas de protección que existían para o sector do mar, sen tentar sequer buscarlle solucións ás eivas que se tiñan detectado e malia que a súa finalidade estaba clara: Que os mariñeiros e os mariscadores e mariscadoras puideran recibir indemnizacións no caso de imposibilidade da actividade e perda de ingresos por mal tempo, proporcionándolles un mecanismo de seguranza e asegurándolles uns mínimos vitais.

E así, dende o momento mesmo da chegada do Partido Popular á Xunta de Galiza, a renovación dese seguro por mal tempo foi votada sistematicamente en contra nas moitas ocasións que os Grupos parlamentarios da oposición o propuxeron. Mais na comparecencia da conselleira de Mar para explicar os orzamentos da Consellaría para o ano 2022 ela mesma anunciaba que promovería un seguro colectivo para cubrir perdas económicas no sector marisqueiro, e pouco tempo despois facía público que “a intención é estudar coa Agrupación Española de Entidades Aseguradoras dos Seguros Agrarios Combinados (Agroseguro) liñas e posibilidades de crear unha póliza colectiva para o marisqueo”.

Mais, como a gran maioría das veces, a Consellaría fixo os anuncios pero non deu un paso para que se efectivizaran e o Partido Popular seguiu votando en contra das reiteradas iniciativas ao respecto presentadas no Parlamento, nomeadamente polo Grupo parlamentario do BNG.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E así ata o sete de maio do 2024, cando o Parlamento aproba por unanimidade a iniciativa do BNG na que se recolle, entre outras propostas, a “creación dun seguro público de produción marisqueira que asegure unha produción mínima e garanta uns ingresos e unha renda digna aos traballadores e traballadoras do mar en inactividade”. A día de hoxe, case un ano despois daquel acordo, o Goberno galego continúa sen facer absolutamente nada para poñer en marcha unha medida non só acaída senón moi necesaria.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que avaliación realiza da importante caída de vendas nas lonxas galegas no ano 2024 e das súas repercusións na rendibilidade da actividade pesqueira e marisqueira?

. Considera o Goberno galego que é preciso dispoñer dun seguro público que contribúa a paliar as perdas económicas do sector do mar por condicións metereolóxicas adversas? De ser así, por que non se ten contratado aínda e posto á súa disposición?

. Realizou algunha xestión nese sentido dende o ano 2021, data na que a conselleira de Mar o anunciou en sede parlamentaria? De ser así, cais exactamente?

. Considera que na situación que está na actualidade o sector do mar galego ten cabida a demora desta e doutras medidas acordadas unanimemente polo Parlamento galego o sete de maio de 2024?

. Por que non deu cumprimento a ese acordo?

. Valora poñer en marcha outras medidas para evitar que continúen as perdas económicas e de postos de traballo no sector do mar? De ser así, cais exactamente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 07/03/2025 11:55:53

Paulo Ríos Santomé na data 07/03/2025 11:58:53

Carmela González Iglesias na data 07/03/2025 11:59:24

Daniel Castro García na data 07/03/2025 11:59:51

Daniel Pérez López na data 07/03/2025 12:00:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego, Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, a necesidade de a Xunta activar un plan de adquisición das competencias en lingua galega para o alumnado estranxeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O consello de goberno da Xunta do 2 de setembro aprobou o Plan MEGA de mellora educativa de Galiza, unha estratexia anunciada co obxectivo de incrementar o nivel das competencias clave do alumnado, personalizar o apoio educativo e a atención ás necesidades específicas e avanzar nun modelo de ensino inclusivo.

Segundo o Conselleiro de Educación, o Plan inclúe medidas para “avanzar nunha aprendizaxe máis personalizada, reforzar as competencias clave e a atención a todo tipo de diversidade”.

Entre as diferentes liñas de actuación, destácase unha específica centrada na atención ao alumnado estranxeiro, cada vez máis presente nas aulas galegas en todas as etapas, a partir das “intervencións educativas necesarias para o desenvolvemento persoal, cultural e social destes estudantes desde unha participación activa na vida escolar”.

A través desta liña proporcionarase apoio ao alumnado estranxeiro para asegurar a expresión e a comprensión lingüística efectiva e fortalecer as súas habilidades de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lectura e escritura, imprescindíbeis para garantir o dereito á educación desde a equidade e a inclusión.

Na información trasladada aos medios de comunicación non se concreta ningunha estratexia ou actuación para axudar o alumnado estranxeiro a se integrar social, educativa, cultural e lingüisticamente en galego, polo que procedemos a solicitar no mes de setembro, ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento, unha copia do mencionado Plan MEGA para coñecelo en detalle, sen termos resposta a día de hoxe.

O curso escolar avanzou e segue sen percibirse nos centros educativos a concreción do anuncio do goberno. Nin se teñen producido mudanzas no regulamento educativo (segue vixente a exención da materia de lingua galega durante dous anos) nin os centros que teñen unha maior ratio de alumnado estranxeiro viron reforzado o seu cadro de persoal para poder atender a formación, a acollida lingüística e a integración deste alumnado na lingua propia e oficial de Galiza.

No entanto, o goberno galego non dubidou en xustificar os peores datos de coñecemento da lingua galega na presenza cada vez máis crecente no noso país de persoas inmigrantes. Para o BNG é unha irresponsabilidade política acusar precisamente a quen se lle está a negar o dereito a aprender a nosa lingua e na nosa lingua.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que medidas está a implementar o goberno da Xunta para que o crecente alumnado estranxeiro teña garantida a adquisición das competencias en lingua galega?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Cristina Fernández Davila

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 07/03/2025 12:09:32

Iria Taibo Corsanego na data 07/03/2025 12:12:21

Daniel Castro García na data 07/03/2025 12:12:22

Cristina Fernández Davila na data 07/03/2025 12:13:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, Luis Bará Torres e Secundino Fernández Fernández, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O monte galego enfróntase a unha importante regresión dos piñeirais, xa que nos últimos 15 anos perdéronse 140.000 hectáreas (9.300 hectáreas/ano), segundo se desprende dos datos do Inventario Forestal Continuo de Galiza.

É unha perda de superficie debida a múltiples factores (expansión do eucalipto nitens, lumes, etc.), pero que na actualidade se está a agravar pola extremada incidencia da enfermidade das bandas, que afecta especialmente ás superficies de piñeiro radiata.

Trala explosión de enfermidades de **bandas das acículas dos piñeiros** que se viviu no País Vasco e noutras zonas da Cornisa Cantábrica no ano 2018, os propietarios galegos viron con preocupación a evolución do avance dos fungos cada primavera. Aínda que esta afección nos piñeirais galegos leva sendo habitual durante moitas décadas nos fondos dos vales, montañas con alta densidade de árbores ou espazos cunha alta humidade ambiental, o cambio das condicións climáticas provocou que se estendese a outras zonas.

A banda vermella vén provocada principalmente polo fungo *Dothistroma septosporum* e por *Dothistroma pini*, segundo os datos da Consellería de Medio Rural. E, os danos causados pola banda marrón son ocasionados polo fungo *Lecanosticta*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acicola e afecta en especial ó *Pinus insignis*. A entrada da banda marrón preocupa moito, xa que causa danos máis serios que os provocados pola banda vermella.

A banda marrón do piñeiro entrou en Galiza por concellos do oriente de Lugo como A Fonsagrada, Baleira, Castroverde ou a comarca de Meira, pero xa está afectando A Mariña ou A Terra Chá. A chegada da enfermidade ás masas galegas de piñeiro insignis (*Pinus radiata*) próximas a Asturias era previsible, pois no occidente da comunidade veciña rexistran unha incidencia en aumento do fungo desde o 2018, cando tamén o problema das bandas marróns e vermella estoupou no País Vasco.

A entrada en Galiza da banda marrón do piñeiro é un motivo de preocupación para os propietarios forestais e tamén á industria de transformación, pois o fungo pode afectar a masas de piñeiro insignis que aínda se atopan lonxe da súa quenda óptima, obrigando a cortas prematuras. Os piñeirais de radiata, que representan case o 50% das cortas de coníferas en Galiza, enfróntanse, polo tanto, a un risco de desaparición a medio prazo se non se adoptan medidas inmediatas.

A ameaza do fungo desincentiva ademais as plantacións de piñeiro insignis, a especie máis susceptible á enfermidade e que en Lugo é a principal conífera. Menos susceptible é o piñeiro do país (*Pinus pinaster*), a conífera dominante en Galiza, en tanto o piñeiro silvestre, que só se atopa en zonas de alta montaña, considérase resistente á enfermidade.

Os piñeiros afectados comezan a poñerse marróns pola parte baixa e logo o problema vai subindo e estendéndose, ata o punto de que algunhas árbores rematan por secar. Outras recupéranse na seguinte primavera, pero, en xeral, o problema vai en aumento.

Lugo é a provincia que acumula máis riscos en Galiza, pois é a que ten a maior porcentaxe de piñeiro insignis (*Pinus radiata*), a especie máis sensible a estes fungos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As bandas, tanto a banda vermella como a marrón, son enfermidades fúnxicas que causan a defoliación das coníferas e o seu debilitamento, polo que é aconsellable aplicar tratamentos para reducir o seu impacto. Nas masas de piñeiros galegas está a rexistrarse non só a afección da banda marrón e vermella senón que tamén se producen danos por outras enfermidades, como a diplodia e a cyclaneusma, causadas por fungos e cuxos danos a simple vista resultan moi parecidos ós das bandas. Resultando, que no monte está habendo un conglomerado de fungos cuxos efectos e síntomas sobre os piñeiros son semellantes e que se coñecen como os vermellos criptogámicos.

O problema da banda marrón agudízase en montes sen boa silvicultura, sobre todo en masas densas nas que non se fixeron claras. A falta de aireación aumenta tamén o impacto da enfermidade. Existe tamén a posibilidade tratamentos terrestres con produtos fitosanitarios, como o óxido cuproso, e estanse facendo ensaios complementarios con bioestimulantes e con produtos naturais. Hai que considerar que, sen o uso deste tipo de tratamentos fitosanitarios, a perda destas masas forestais e a xestión asociada a elas, terá unhas consecuencias moito mais graves.

Cando a enfermidade é intensa, as acículas do ano actual están infectadas no outono/inverno e permanecen asintomáticas ata a primavera seguinte, cando a infección se fai visible. Os síntomas causados por cada unha das bandas poden confundirse entre si e tamén poden confundirse cos causados polo fungo *Diplodia pinea*, para o cal é necesaria a confirmación mediante a análise nun laboratorio especializado.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Vai a Xunta a declarar a utilidade pública dos tratamentos en áreas estratéxicas de piñerais de *Pinus radiata* afectados polas enfermidades das bandas, de xeito que sexa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posible o acceso e actuación da Administración en predios privados, por causas de interese xeral, nesta primavera do 2025?

Hai montes con repoboacións novas, que se volveron ver afectadas pola banda marrón, e por recomendación de expertos tiveron que talar as árbores. Entón, non debería a Xunta axudar a eses propietarios forestais, xa que a administración non actuou controlando a praga?.

Non se deberían ter axudas para repoboar e compensar pola perda das plantacións afectadas pola banda marrón, dada a gravidade da infestación?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Secundino Fernández Fernández

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 10/03/2025 10:53:06

Secundino Fernández Fernández na data 10/03/2025 10:55:48

Luis Bará Torres na data 10/03/2025 10:56:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre o pantalán de Cabana de Bergantiños.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cabana de Bergantiños é un concello bergantiñán cunha poboación actual de 4.098 habitantes (segundo datos do INE de xaneiro de 2024), repartidos entre as súas dez parroquias. Cabana conta cun rico patrimonio integrado polo senlleiro conxunto arqueolóxico que constitúen o Dolmen de Dombate e o Castro “A Cidá” (os dous na parroquia de Borneiro) ou a Torre da Penela, Ben de Interese Cultural (BIC), hoxe en estado de ruína, na parroquia de Silvarredornda.

O que define a este municipio da Costa da Morte é a súa situación, na parte interior da ría de Corme e Laxe. Nesa ría desenvolveuse durante centos de anos a carpintaría da ribeira, en estaleiros como O Baladiño, último exemplo vivo dunha actividade artesanal a piques de esmorecer e que tivo un peso específico na economía local durante decenios.

As embarcacións, a pesca e o marisqueo forman parte do código xenético cabanés, tendo como fío condutor a propia ría de Corme e Laxe. A pesar do decaemento das carpintarías de ribeira, aínda hoxe son moitas as embarcacións que fondean na praia do Pendón e arredores (parroquias de Cesullas e Cánduas) así coma na praia da Urixeira (parroquia de Cesullas).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son, polo tanto, máis dunha trintena (entre as dúas praias) as embarcacións que fondean habitualmente nestas zonas (cuxo número medra na fin de semana e no período estival), empregando a rampla situada na praia do Pendón para saír da auga.

Aproximadamente a 200 metros, atópase o edificio que acolle ao Club Náutico de Cabana de Bergantiños, que realiza actividades dirixidas ao fomento do remo e piragua (kayak de mar), ofertando tamén cursos de aprendizaxe, sobre todo, no verán. As persoas asistentes a eses cursos, así como as socias do club teñen que percorrer esa distancia cos seus kayaks, polo paseo marítimo, até a rampla do Pendón. Ese volume de embarcacións, dedicadas a recreo e pesca deportiva, e unha a labores de marisqueo, así como a actividade do Club Náutico fai necesaria a instalación dun pantalán que permita que as embarcacións dispoñan duna atraque en condicións.

O pantalán facilitaría o acceso á auga das persoas usuarias e socios do Club Náutico, evitando o tránsito cos kayaks polo paseo marítimo, ao tempo que melloraría a seguridade das embarcacións que alí atraquen, evitando os actuais problemas derivados dun amarre en precario.

É innegable o potencial e atractivo desta zona para o recreo e os deportes náuticos, mais o seu impulso pasa necesariamente pola mellora da accesibilidade e da seguridade, da dotación de servizos e dar resposta a alta demanda de amarre en condicións que hai en toda a contorna.

A instalación dun pantalán, ben no lugar do Pendón, ben no lugar Dos Pazos (enfrente Escola de vela), que cubra todas estas necesidades, suporía un impulso para a actividade náutica (de ocio e pesca deportiva) propiamente, ao tempo que tería un efecto moi positivo para a actividade turística desestacionalizada neste concello.

E execución deste proxecto, sempre baixo criterios de sostibilidade e respecto á actividade marisqueira, resolvería os actuais problemas de seguridade das embarcacións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que fondean nesta zona da ría de Corme e Laxe, melloraría a accesibilidade e actuaría como motor de desenvolvemento económico, fomentando a práctica de deportes náuticos e reforzando o atractivo turístico de Cabana de Bergantiños.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- Coñece o Goberno galego cantas embarcacións fondean habitualmente no interior da ría de Corme e Laxe, nas parroquias de Cesullas e Cánduas?
- Coñece o Goberno galego cantas desas embarcacións son deportivas ou de ocio e cantas profesionais?
- Coñece o Goberno galego en que número aproximado se incrementan as embarcacións que fondean nesta zona na fin de semana e na época estival?
- Considera o goberno galego que as embarcacións deportivas e profesionais que fondean no interior da ría de Corme e Laxe, o fan nunhas condicións de amarre axeitadas desde o punto de vista da seguridade e da accesibilidade?
- Ten previsto o Goberno galego instalar un pantalán no interior da ría de Corme e Laxe? Se a resposta é afirmativa, cando?
- Considera o goberno galego que a actividade náutica pode contribuír a potenciar e desestacionalizar a actividade turística?
- O Concello de Cabana solicitou nalgún momento a instalación dun pantalán nesta zona para mellorar a seguridade e accesibilidade de embarcacións, deportivas e de ocio ou profesionais, que fondean non interior da ría de Corme e Laxe?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Daniel Pérez López

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 10/03/2025 12:44:30

Rosana Pérez Fernández na data 10/03/2025 12:46:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a eliminación dos servizos sanitarios de pediatría no centro de saúde de Carnota.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende 2024 e xa vai case un ano, os pais e nais de Carnota veñen denunciando a falla do servizo médico de pediatría no seu municipio, sen que a día de hoxe se cubrira dita praza pola consellería de sanidade do Partido Popular, que está compartida co concello de Muros e que acodía ao mesmo os luns, mércores e venres de 8,30 a 12,00 hs. A situación lonxe de solucionarse, agravouse, ao coñecer esta semana pasada un novo recorte nos servizos sanitarios, xa que agora acaban de quedar sen enfermería pediátrica dende o 10 de marzo, que atendía as revisións de idade, curas e vacinas dos nenos e nenas en idade infantil.

Estes pais enviaron cartas ao conselleiro de sanidade, reclamándolle que se cubrira a baixa de longa duración da praza de pediatría, cuxo titular desprazábase ao centro de saúde de Carnota, xa que o resto da xornada a desenvolve en Muros, onde existe outro facultativo de pediatría. A contestación da Consellería foi a seguinte:

“Para a optimización dos recursos, nos centros de saúde estase asignando a citación non urxente dos nenos menores de 3 anos no cupo do pediatra máis próximo xeograficamente, e os maiores desa idade son valorados en primeira instancia por un médico de atención primaria para determinar as accións correspondentes”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O pediatra é un profesional altamente capacitado e especializado que ten a responsabilidade de velar pola saúde integral d@s recén nacid@s, d@s nen@s e adolescentes ata os 14 anos. Os coñecementos e a experiencia que posúe un pediatra son relevantes no primeiro diagnóstico, polo que non é axeitado nin o máis indicado que o Sergas elimine o primeiro cribado a partir de tres anos nos nenos e nenas de Carnota.

Os Protocolos diagnósticos e terapéuticos en Urxencias de Pediatría elaborado pola Asociación Española de Pediatría e pola Sociedade Española de Urxencias de Pediatría establecen que “a triaxe significa ordenar ou clasificar aos pacientes para recibir tratamento e é un proceso imprescindible para o correcto funcionamento dun Servizo de Urxencias, dado que organiza o fluxo de doentes asegurando que os máis urxentes sexan atendidos antes. Trátase dun procedemento realizado xeralmente en poucos minutos e con pouca información, pero ten unha repercusión crítica na atención aos pacientes e no funcionamento xeral do servizo, **polo que esixe persoal especificamente formado** (na sistemática de clasificación, con coñecemento do servizo e con determinadas calidades), unha ferramenta de clasificación validada (escalas de 5 niveis) e unha estrutura física e organizativa determinadas. O proceso, en xeral, debe incluír unha valoración do estado xeral (idealmente o Triángulo de Avaliación Pediátrica), unha breve anamnesis que identifique o motivo de consulta de maior prioridade, factores de risco persoais (idade, enfermidades de base) e unha serie de determinantes que poden cambiar a prioridade (dor, constantes, mecanismo traumatolóxico, etc.). A existencia dunha sistemática de triaxe é un dos requisitos de calidade esixidos polos estándares internacionais de calidade e debe incluírse como parte esencial dun servizo de Urxencias hospitalario”

A Consellería de Sanidade está actuando en contra dos estándares internacionais de calidade, privando dunha atención médica pediátrica aceptable no concello de Carnota, obrigando aos pais e nais a desprazarse ao concello de Muros cando os rapaces son menores de tres anos, saturando e retrasando a atención nese centro de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

saúde, que cun só pediatra ten que atender aos nenos que atendían antes dous facultativos. Están privando dun médico especialista aos nenos de 4 a 14 anos, que teñen que ser atendidos por un médico de primaria ao que nin tan sequera se lle esixe unha formación específica en pediatría. E por último, por se non chegara, acaban de eliminar a praza de enfermería pediátrica que estaba no centro de saúde do concello carnotán, agravando a situación de precaridade xa existente.

Os problemas estruturais, non se resolven con máis recortes, como está a acontecer neste caso, senón con máis medios e coa previsión axeitada a longo prazo, medidas que brillan pola ausencia nas políticas do Sergas, que veladamente aniquila a sanidade pública para fomentar a utilización da sanidade privada. Si existen clínicas con pediatras no sector privado, entón o problema non está na falla de pediatras, senón na carencia de planificación da Consellería de sanidade, que ou non adopta as disposicións adecuadas ou erra constantemente nas súas decisións.

Os pais e nais de Carnota demandan unha sanidade pública e de calidade, polo que é necesario dar unha solución satisfactoria que pasa pola cobertura inmediata da praza de pediatría e de enfermería pediátrica no centro de saúde da localidade. O artigo 48 da lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galiza, que regula as “Medidas de protección da saúde infantil nos recursos e servizos de conciliación” quedan en papel mollado, cando a actuación da consellería é contraria ao recollido en dita lei, e cando o que realmente favorece é o éxodo rural e a despoboación dos pequenos concellos a favor das cidades.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai o SERGAS a cubrir a praza de difícil cobertura de pediatría no centro de saúde de Carnota de forma urxente? e a praza de enfermería pediátrica?

- Que medidas se están a tomar no centro de saúde de Muros, respecto de pediatría, para evitar a saturación do servizo, ao ser un só pediatra o que está a prestar o servizo para os dous concellos?

- Cre o goberno galego que é recomendable que os nenos e nenas de máis de tres anos sexan atendidos polo médico de primaria en Carnota? Considera que se están a cumprir os protocolos aprobados polas autoridades sanitarias?

- Que opinión lle merece que o número de nacementos no concello de Carnota descendera a máis da metade dende o ano 2009 (33 nacementos) ata o ano 2023 (16 nacementos)? considera que ten relación cos recortes nos servizos sanitarios pediátricos que leva a cabo o goberno do PP dende que goberna na Xunta de Galiza?

- Cree o goberno galego que os recortes sanitarios que se están executando no concello de Carnota impulsan a súa demografía? Está o SERGAS a cumprir o disposto na lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galiza?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Óscar Insua Lema na data 10/03/2025 13:16:54

María Montserrat Prado Cores na data 10/03/2025 13:20:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre os avances da Galicia Film Commission.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En marzo de 2023 a Xunta presentaba publicamente a Galicia Film Commission ao sector audiovisual e turístico, impulsado desde a AGADIC co obxectivo de consolidar o noso país como un plató de cine.

Na presentación, o daquela Conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, anunciaba que entraría en funcionamento xa en 2023 para lles facilitar ás produtoras a busca de localizacións, xestións administrativas ou bases de datos profesionais, entre outros recursos.

Uns meses antes a AGADIC publicara a licitación para a contratación do servizo de creación, posta en marcha e mantemento da plataforma tecnolóxica de Galiza Film Commission, financiada ao 100% no marco do eixo REACT-UE do programa operativo Feder-Galiza 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia da covid-19.

O desenvolvemento desta Film Commission, como medida de impulso do sector audiovisual, pretende crear unha plataforma tecnolóxica que sexa lugar de encontro e de traballo do sector público e privado onde os profesionais, por unha banda, encontren un escaparate para ofrecer os seus produtos e servizos e pola outra, atopen todos os recursos necesarios para desenvolver o seu traballo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo a oferta de contratación, o obxectivo último é crear unha ferramenta que permita proxectar Galiza como como espazo de rodaxes. E esa ferramenta defínese como a creación dun novo portal web cun investimento económico de 400.000 euros durante un prazo de execución de 36 meses coa data do 1 de setembro de 2022 como previsíbel data de comezo do contrato.

Transcorridos dous anos daquela data de presentación pública, cómpre achegar unha primeira avaliación das medidas impulsadas co obxectivo de atraer a rodaxe de proxectos audiovisuais a Galiza.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que proxectos está a desenvolver a Galicia Film Commission e que papel representa en relación ao resto de Film Commissions que xa operan en Galiza?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 10/03/2025 13:49:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 10/03/2025 13:51:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Secundino Fernández Frenández, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as parcelarias no concello de Agolada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso que envolve as tres reestruturacións parcelarias do concello de Agolada, leva máis de 20 anos iniciado e non deixa de ser un reflexo do desleixo que a administración amosa cara o rural do interior de Galiza, cada vez menos poboado e que, de darse as circunstancias propicias no pasado entre as cales se encadra o apoio ao sector agrogandeiro, agora non ficaría baleiro.

Tras innumerables prazos cos que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) se comprometeu en bastas ocasións e varias reunións veciñais con escasos resultados, chegou a sede parlamentar a pregunta do BNG sobre a intención da Consellería de Medio Rural con respecto a estas concentracións parcelarias. Foi na Comisión 7 onde a directora xeral do AGADER adquiriu novamente compromisos que logo foron trasladados “in situ” nunha reunión onde asistiron veciños e veciñas interesados.

Coa súa visita á zona, no pasado 2024, anunciábase que se levaría a cabo o estudo previo de iniciación das 3 concentracións parcelarias de Agolada, nomeadamente Agra-O Sexo-Val de Sangorza, Baíña-Berredo-Orrea e Basadre-Eidián-Ramil, recollido no DOG do 5 de novembro de 2024, data a partires da cal as persoas interesadas poderían realizar as achegas que considerasen oportunas a tal estudo durante un mes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto, de non haber ningún prexuízo, en data do do 6 de decembro de 2024 deberá estar finalizado o estudo previo de iniciación da área a reestruturar, momento dende o cal se podería continuar co proceso e decretar as 3 parcelarias antes especificadas e do que non somos coñecedoras nin os afectados foron informados ate o de agora.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Prevé a Xunta de Galiza decretar á maior brevidade posible as parcelarias de Agra-O Sexo-Val de Sangorza, Baíña-Berredo-Orrea e Basadre-Eidián-Ramil?
2. Rexistráronse alegacións ao estudo previo de iniciación dos procesos de reestruturación Agra-O Sexo-Val de Sangorza, Baíña-Berredo-Orrea e Basadre-Eidián-Ramil?
3. Que previsións contempla a Xunta de Galiza nos procesos de reestruturación de Agra-O Sexo-Val de Sangorza, Baíña-Berredo-Orrea e Basadre-Eidián-Ramil pasado o mes de alegacións ao estudo previo de iniciación?
4. Que previsión ten a Xunta de Galiza sobre incluír a Brocos e Sesto no plan da reestruturación parcelaria de Agolada como os propios interesados e interesadas solicitan?

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2025

Asdo.: Ariadna Fernández González
Secundino Fernández Fernández
Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 11/03/2025 11:08:11

Secundino Fernández Fernández na data 11/03/2025 11:10:50





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2025 11:27:36
Nº Rexistro: 21467
Data envío: 11/03/2025 11:27:36.613

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todo o concello de Oleiros ten un grave problema co saneamento, tamén presente na zona do Porto de Lorbé, Zona industrial, onde está centrada toda a actividade portuaria de ese Concello tan costeiro.

Pois ben, esa zona portuaria está realizando os vertidos das augas residuais, sen garantías sanitarias, directamente o mar, salvo nos casos en que veciños e veciñas e empresas da zona puxeron medios propios en forma de fosas sépticas que baleiran periodicamente para evitar ese vertido directo.

Dende o Goberno municipal de Oleiros aseguran e insisten en que a solución para ese problema ten que vir da man da Xunta dado que Portos é competencia directa da Administración Autonómica.

Aseguran que é responsabilidade do Goberno galego a instalación do bombeo necesario para culminar a rede de saneamento do porto de Lorbé despois de ter xa instalada pola Xunta a tubaxe necesaria cando arranxaron a estrada que conecta o porto co ártabra.

O Concello de Oleiros debe comprometerse a conectar o tramo que falta ata conectar coa rede municipal, iso si, despois de ter instalado o bombeo por parte de Portos de Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2025 11:27:36
Nº Rexistro: 21467
Data envío: 11/03/2025 11:27:36.613

Pero a Xunta insiste en que o saneamento é competencia municipal. Así que uns por outros a casa sen barrer. A situación na zona persiste e a preocupación tamén polo que hoxe o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia quere facer a seguintes iniciativas.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto o Goberno da Xunta asumir o saneamento no Porto de Lorbé? De ser así que prazos se barallan para acometer as obras?
2. Está presupostada esa intervención? A cuanto ascendería?
3. Están en contacto e manteñen conversacións a día de hoxe co Concello de Oleiros en relación o saneamento de Lorbé para atopar algunha solución?
4. Considera a Xunta de Galicia que esta situación de falta do saneamento adecuado no porto de Lorbé podería acarear algún problema de sanidade pública, e de ser así como como pensa evitalos?

Santiago de Compostela, a 10 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 11/03/2025 11:19:12

Carlos López Font na data 11/03/2025 11:19:29

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74381

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

O Porto de Lorbé é a única zona de Oleiros que aínda mantén a actividade mariñeira nese Concello. Son famosos os mexillóns de Lorbé pero ademais son a día de hoxe unha próspera industria. E quen non coñece a festa da centola de Lorbé, cada ano mais concorrida, e coincidindo sempre coa época de maior colleita dese marisco.

Pois ben, no mes de maio do ano 2023, e a tan só uns días da celebración das eleccións municipais, a prensa local en Oleiros recollía o seguinte titular: “Portos de Galicia anuncia que xa ten proxecto para ampliar o dique de Lorbé e para facer ademais uns pantaláns”.

A noticia sinalaba que se tiña chegado a un acordo coa confraría, a unha proposta de actuación conxunta que se plasmaría moi pronto nun proxecto: “Portos de Galicia mantivo unha reunión o pasado xoves con membros da Confraría de Pescadores de Lorbé e chegouse a un acordo para executar unha das máis antigas demandas de este pósito, a ampliación do espigón”. “Ensináronnos varios debuxos, alternativas de proxectos, un pareceunos ben, a eles tamén, e estamos satisfeitos. Agora a ver se se cumpren”, dicía o patrón maior en referencia a aquel anuncio da Xunta que se facía a dous días das eleccións municipais.





Pero hoxe, dous anos despois e xa celebradas aquelas eleccións segue sen realizarse nin proxecto, nin ampliación, nin dique, nin pantalán.

Portos segue sen concretar cantos metros vaise prolongar o dique e nos tememos que esa obra o mellor esa promesa, tamén careza, aínda hoxe de orzamento. Unha actuación tan anunciada e tan oportunamente prometida, só era fume. Fume electoral, iso si.

Lamentablemente no 2025 segue sen abordarse unha obra necesaria e sempre reclamada pola confraría de Lorbé. Alargar o espigón es imprescindible para aumentar o abrigo, a protección dos barcos, porque cando hai temporal teñen que refuxiarse en Sada ou na Coruña. Ademais, prometéronlles instalar pantaláns para ampliar os amarres.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando ten previsto a Xunta cumprir coas súas promesas electorais e ampliar o espigón do porto de Lorbé?
2. Cando vai asumir eses pantaláns que permitirían aumentar os amarres?
3. Como xustifica o Goberno do PP na Xunta que dous anos despois aínda non se teña nin sequera plasmado o proxecto acordado coa confraría de pescadores de Lorbé?

Santiago de Compostela, a 10 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

**Julio Abalde Alonso na data 11/03/2025
11:36:17**

**Carlos López Font na data 11/03/2025
11:36:31**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o servizo de pediatría no concello de Silleda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Silleda, con 8870 habitantes segundo os datos do INE do 2024, conta cun consultorio en Bandeira e un centro de saúde localizado na propia vila, ambos os dous xestionados polo Servizo Galego de Saúde e pertencentes á Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

A realidade da situación da atención primaria é preocupante na comarca do Deza- Tabeirós e Terra de Montes, sen que o concello silledense quede á marxe dos recortes neste eido que o goberno da Xunta leva a cabo con especial énfase nas áreas máis rurais, colaborando coa súa actitude á falla de servizos e a consecuente despoboación que sofren comarcas coma a que nos atangue.

Neste caso concreto, o servizo de pediatría co que conta o centro de saúde de Silleda está formado por un/unha pediatra, que presta atención a unha cifra próxima aos mil nenos e nenas, servizo que en moitos casos resulta insuficiente coma xa ten denunciado o BNG local a través de mocións no concello coma a presentada no pasado mes de setembro de 2024, onde se solicitaba o reforzo de dito servizo.

A situación está tomando un carácter máis grave de xeito recente, cando os nenos e nenas de Silleda pasan unha quincena sen servizo de pediatría no seu centro de saúde de referencia, as citas que se adxudican para a atención pediátrica teñen máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dunha semana de agarda e incluso os proxenitores, en vista da mingua do servizo acoden ao centro para seren atendidos polo médico de familia sen cita previa. Noutros casos os nenos e nenas son atendidos no centro de saúde da localidade limítrofe de Vila de Cruces ou viaxan directamente ao Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela para seren atendidos por un pediatra.

Por todo o exposto formúlase as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Vai garantir a Xunta de Galiza a través da Consellería de Sanidade a calidade da atención pediátrica no centro de saúde de Silleda para que se preste de xeito adecuado?

. Prevé a Xunta de Galiza reforzar o servizo de pediatría do centro de saúde de Silleda para garantir a correcta atención dos nenos e nenas deste concello?

. Considera a Xunta de Galiza que desprazarse ao CHUS ou a localidades limítrofes para ter servizo de pediatría entra dentro da normalidade no servizo de atención primaria de Galiza?

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2025

Asdo.: Ariadna Fernández González

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 11/03/2025 12:28:45

María Montserrat Prado Cores na data 11/03/2025 12:32:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iago Suárez Fernández, Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre o acontecido na CRTVG nos últimos anos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Quince anos despois da incorporación do actual director xeral á fronte da CRTVG e a piques de se iniciar o proceso de renovación para a designación, por conta do Partido Popular, dunha nova Dirección Xeral, toca facer balance.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na comisión de control da CRTVG:

Que pegada deixa na CRTVG, señor Sánchez Izquierdo, logo de quince anos ao fronte dos medios públicos de Galiza?

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Suárez Fernández

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/03/2025 13:08:13

Iago Suárez Fernández na data 11/03/2025 13:08:30

Daniel Castro García na data 11/03/2025 13:08:42

Mercedes Queixas Zas na data 11/03/2025 13:08:53

Alexandra Fernández Gómez na data 11/03/2025 13:09:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a situación que presenta o Porto do concello do Vicedo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Porto do Vicedo, situado no concello do Vicedo, na Zona Portuaria Norte no Ámbito Xeográfico Mar Cantábrico é competencia da Comunidade Autónoma de Galicia segundo o establecido no artigo 3.2 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia.

Desde hai xa anos pode observarse unha grande fenda no Porto do Vicedo que aumentou considerablemente, e tamén no dique de abrigo. Esta fenda se non se estabiliza vai supoñer e supón un grave problema de seguridade para o porto e para os seus usuarios, dado o uso mixto pesqueiro-náutico-deportivo que se realiza nel.

A anteriormente mencionada Lei 6/2027 do 12 de decembro establece no seu artigo 8 que lle corresponde á Entidade Pública Portos de Galicia o proxecto, a construción, a conservación, a mellora e a ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións, nos términos previstos nesa lei.

A Consellería do Mar anunciou o 4 de setembro de 2024 que Portos de Galicia iniciaría nese mesmo mes as obras de estabilización do porto do Vicedo. Este anuncio fíxoo no mesmo porto o Conselleiro Alfonso Villares, acompañado do Presidente de Portos de Galicia José Antonio Álvarez e o alcalde do Vicedo Jesús Novo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Anunciábase que a actuación prevista constaba de dúas fases, a primeira de inicio inmediato que consistiría no asentamento do peirao que presentaba unha perda de material na base que provocou unha fenda na superficie.

Na segunda fase da obra, unha vez rematada a primeira, faríase o seguimento da fenda para determinar a estabilización definitiva do peirao para proceder á pavimentación da súa superficie, incluíndo, así mesmo, a pavimentación de parte do vial de entrada ao porto. O investimento para a execución destas obras ascende a 55.000€.

A día de hoxe, 6 meses despois, a fenda segue sen repararse, coa lóxica preocupación que eso provoca entre os usuarios e veciñanza en xeral, polo que, por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- Considera a Xunta de Galiza que a primeira fase da obra no porto do Vicedo acadou os obxectivos fixados?
- Vai recompoñer a Xunta de Galiza a fenda que segue presente a pesar da primeira actuación?
- Existe un calendario para a execución da segunda fase da obra?
- Vai haber un maior orzamento para a obra despois de que a primeira fase non acadase o resultado desexado?

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2025

Asdo.: **Daniel Castro García**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 11/03/2025 13:20:44

Rosana Pérez Fernández na data 11/03/2025 13:21:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o modelo de coidados e o impulso de medidas de corresponsabilidade social.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coidar é unha responsabilidade colectiva. É a través dunha rede pública de coidados como se garante o benestar da poboación independentemente da situación socioeconómica de cada quen. Son uns servizos públicos de calidade e proximidade os que garanten a equidade mellorando a saúde da poboación especialmente a aquela dependente ou con discapacidade.

Porén, lonxe de ampliar e fortalecer a rede pública dedicada ao coidado, o Goberno do Partido Popular optou por impulsar un modelo baseado na privatización, na precariedade e na perpetuación de roles de xénero ao devolver os coidados á casa.

Así o evidencia a aposta do Partido Popular pola política de bonos que son, realmente, as prestacións económicas vinculadas á Lei de dependencia desde hai 18 anos. Cómpre lembrar que a lexislación outorga un carácter excepcional a estas prestacións mais os datos evidencian que o goberno da Xunta de Galiza está a facer da excepción a norma revestíndoa dunha falsa liberdade de elección cando a alternativa ao cheque é a lista de agarda.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, segundo o último informe publicado polo Observatorio estatal da dependencia, en 2024, das 15.617 novas prestacións aprobadas en Galiza, o 74% son de Teleasistencia (11.515) e o 22% foron PECEF.

Neste senso, o bono coidado no fogar (anteriormente coñecido como Prestación Económica Vinculada ao Coidado na Contorna Familiar) supón apenas uns ingresos de 416 euros ao mes, menos do que percibe unha persoa usuaria da RISGA, por coidar tanto a unha persoa grao I como unha grande dependente recoñecida cun grao III.

Coidados en precario que recaen no lombo, unha vez máis, das mulleres galegas.

De acordo cos datos oficiais da Xunta de Galiza publicados polo IMSERSO, o perfil das persoas coidadoras é o dunha muller (83%), nai (36%) ou filla (30%) de entre 50 e 66 anos.

Para o G.P do Bloque Nacionalista Galego é preciso impulsar unha rede pública de coidados forte de proximidade e adaptada non só á realidade actual senón ás previsións futuras. Servizos que garantan o dereito da poboación a envellecer no seu domicilio cos apoios precisos a través da promoción dunha corresponsabilidade social.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cre a Xunta de Galiza que o modelo que está a desenvolver garante a equidade e a corresponsabilidade?
- Cre que o seu modelo de coidados está a reforzar roles de xénero?
- Cre que 416 euros ao mes por coidar unha persoa dependente grao III é garantir dereitos e o modelo de coidados que precisa Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/03/2025 16:18:27

Noa Presas Bergantiños na data 11/03/2025 16:20:30

Ariadna Fernández González na data 11/03/2025 16:20:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Daniel Castro García, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a residencia ‘Teniente General Barroso’ de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A residencia denominada ‘Teniente General Barroso’, localizada en Santiago de Compostela é definida polo Ministerio de Defensa español como “una unidad militar dependiente orgánicamente de la Dirección de Asistencia al Personal de la Armada dentro de la Jefatura de Personal, que cuenta con 248 habitaciones y tiene como Residencia Militar de Estudiantes de la Armada la finalidad de proporcionar alojamiento, manutención y otros servicios complementarios a familiares directos del personal militar que realicen cursos o grados en centros de formación de la localidad incluyendo la Universidad de Santiago de Compostela”.

Isto é, unha residencia de estudantes exclusiva para fillas e fillos de militares españois á cal non pode acceder a poboación xeral. A ollos do grupo parlamentar do BNG, isto é un atropelo ao que se lle debe pór fin xa que esta residencia se financia con fondos públicos pero que non dá resposta ao interese xeral da poboación galega. Para alén diso, a residencia recibe o nome de ‘Teniente General Barroso’ un militar golpista e alto cargo do exército español durante a ditadura fascista de Francisco Franco. Un auténtico criminal cuxo nome mancha unha institución na capital galega que, a ollos do BNG debería ser pública e popular.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Solicitamos, por tanto, que a Xunta de Galiza pida a transferencia da súa xestión ao goberno galego á maior brevidade posíbel e que a faga pública. Non é de recibo que os impostos das galegas e dos galegos financien este tipo de institucións que discriminan e que ademais levan o nome de militares franquistas. Aínda máis tendo en conta o grande problema que existe en Compostela no relativo co acceso á vivenda, especialmente entre a mocidade e o estudantado universitario.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que opinión ten o Goberno galego da residencia ‘Teniente General Barroso’ de Santiago de Compostela?
- Cre a Xunta que é xusto que se financie con diñeiro público unha residencia exclusiva para fillas e fillos de militares españois?
- Que opina o Goberno galego de que un militar franquista lle dea nome a unha residencia na cidade de Santiago de Compostela?
- Está a Xunta de Galiza en disposición de pedir a transferencia na xestión desta residencia ao Goberno español?

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Daniel Castro García

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 11/03/2025 16:48:06

Daniel Castro García na data 11/03/2025 16:50:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa á necesidade de dotar ao Centro de Educación Especial de Vilagarcía dos profesionais precisos para prestar unha atención de calidade aos 62 alumn@s do mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do Centro de Educación Especial de Vilagarcía está a denunciar a situación que está vivindo no seu día a día ante a falta de profesorado especialista, coidadores e unha enfermeira a tempo completo.

Nos últimos seis anos o alumnado do centro, de até 20 anos, viuse incrementado de 30 a 62, máis do dobre, mais isto non repercutiu en que o persoal do mesmo se vise incrementado nin de xeito proporcional, nin atendendo as particularidades concretas que as alumnas e alumnos presentan. No 2018 contaban con 6 coidador@s para 30 alumnos, agora no 2024 contan con 7 para 62.

Ademais, esta situación viuse agravada co traslado ao CEE de dous alumnos procedentes de centros ordinarios, nos que contaban con profesorado e persoal de apoio propio, a formar parte do que só un pasou ao cadro de persoal do centro de educación especial. Vemos como agora estes dous alumnos ven diminuída a calidade da atención.

Como agravante desta situación, a enfermeira que prestaba servizo durante a xornada lectiva do centro de 09.00 a 14.45, viu agora reducida a súa presenza no mesmo debido a ter que atender a unha alumna dun centro de Ribadumia. A día de hoxe a xornada que realiza no CEE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Vilagarcía de Arousa vai dende as 13.00 ás 14.45 h. Veu reducida a súa xornada a unha hora e corenta e cinco minutos, fronte ás 5.45 anteriores.

Hai que ter en conta que no centro contan con alumnado con grados de dependencia entre o 40 e o 90%, a maioría arredor do 80%. Precisan atención continua, tanto docente coma sanitaria, xa que o alumnado do centro teñen unha gran diversidade de problemas problemas físicos, de mobilidade, motricidade, logopedia, atragantamentos ou incluso de epilepsia, polo que requiren control sanitario. Dende a ANPA e a dirección do centro indican que a redución ao mínimo da presenza de profesional de enfermería, aumenta a necesidade de solicitar a asistencia dunha ambulancia para prestar a atención inmediata no momento que se dan.

Como resposta ás protestas realizadas, e á concentración que o 23 de outubro realizou a comunidade educativa ás portas do centro, dende a Consellaría chamaron ao centro para anunciar a contratación dun profesores de PT (pedagogía terapéutica) que se sumará ao que se incorporado en setembro, tras o traslado dos dous alumnos mencionados e a contratación dunha persoa coidadora.

As familias e a dirección consideran que estas incorporacións son un avance, mais é claramente insuficiente, manifestan que como mínimo precisan dúas coidadoras e a enfermeira a tempo completo, para unha garantía mínima de atención e seguridade de todo o alumnado.

A atención á diversidade ten que concretarse en medidas, oferta de recursos e medidas educativas que contribúa á participación de xeito autónomo, nunha sociedade democrática.

Co número de profesionais existente no Centro de Educación Especial de Vilagarcía, non é posíbel a atención individualizada que o alumnado do mesmo precisa, unha atención educativa de calidade tendo en conta as características e capacidades de cada alumna e alumno.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que co cadro de persoal existente no Centro de Educación Especial de Vilagarcía, o alumnado do mesmo recibe unha asistencia de calidade?

Coida que son suficientes @s profesionais para atender a 62 alumn@s de até 20 anos cunha discapacidade media do 80%?

Considera que @s 62 alumn@s do centro, que presentan unha gran diversidade de problemas físicos, de mobilidade, motricidade, logopedia... poden estar atendid@s por unha profesional de enfermería cun horario de unha hora e corenta e cinco minutos?

Vai atender as demandas da comunidade educativa deste centro e dotalo con profesionais que demandan?

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/03/2025 20:27:51

Cristina Fernández Davila na data 11/03/2025 20:28:01





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Abalde Alonso, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

No ano 2018, a Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), anunciaba una sorte de plan de choque en toda Galicia para a recuperación edificatoria que recuperaría barrios deteriorados mediante a adquisición de inmobles en estado de deterioro para a súa posterior rehabilitación e posta a disposición como vivenda de aluguer para os demandantes inscritos en Galicia, o Programa REXUBE.

En Ferrol, o barrio elixido foi Ferrol Vello, e as edificacións a rehabilitar en primeiro lugar serían os localizados na Rúa Espartero, 59, Rúa Espartero, 46, Rúa San Francisco, 21, Rúa dos Mártires, 9, Rúa Espartero, 18, Rúa Río Novo, 11, Rúa Benito Vicetto, 17, Rúa San Francisco, 13, Rúa Curuxeiras, 22, Rúa Curuxeiras, 24, Rúa Carne Curuxeiras, 8, Rúa Castro, 22-24 e Rúa Rastro, 7.

Posteriormente, adquiríronse algunhas das edificacións, e dende o Concello, ante a importancia da rehabilitación e recuperación da zona, puxéronse a disposición do IGVS os medios cóos que contaba a Concellería de Urbanismo para axilizar as licencias necesarias para licitar execución das obras no menor prazo posible para o que técnicos municipais asesoraron no proceso co fin de evitar requirimentos que retrasaran os trámites necesarios.

En paralelo, có fin de acompañar a recuperación de Ferrol Vello, dende o Goberno municipal no mandato 2019-2023, multiplicar os esforzos mediante a transformación das rúas nas que se executarían a maioría das rehabilitacións,





facendo realidade a transformación nas rúas Carme Curuxeiras, Espartero e San Francisco mobilizando preto de dous millóns de euros para a transformación do barrio.

A pesar do esforzo de coordinación e a inversión impulsada por parte do Concello, puidemos comprobar como despois dos reiterados anuncios dende o ano 2018 ata hoxe realizados pola Xunta de Galicia, a única actuación executada é na rúa Argüelles, cun orzamento de algo mais de 300.000 €.

Durante os últimos anos, dende a Xunta de Galicia insistían en responsabilizar o departamento de urbanismo dos retrasos na execución das obras pero, coma sempre, a verdade ábrese camiño, e a pesar de contar con licencia, nin están rematadas as intervencións en Carmen Curuxeiras 8 e 22-24, nin sequera iniciadas as de Benito Vicetto 17 e Castro 22-24, sendo o mais preocupante que as rehabilitacións de Espartero 18, Espartero 46, Espartero 59, San Francisco 13 están totalmente paralizadas ao declararse deserta a licitación.

Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia impulsar a realización do Plan Rexurbe no Concello de Ferrol tan e como se comprometeu no ano 2018?
2. Que prazos contempla a Xunta de Galicia para poñer en marcha os distintos proxectos de rehabilitación previstos?

Santiago de Compostela, a 11 de marzo do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2025 09:37:19
Nº Rexistro: 21560
Data envío: 12/03/2025 09:37:19.307

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 11/03/2025 14:44:25

Carlos López Font na data 11/03/2025 14:44:39

Paloma Castro Rey na data 11/03/2025 14:44:57

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74403

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A entidade Cáritas Diocesana de Ourense a finais de febreiro anunciaba que ao finalizar o curso escolar deixará de xestionar a escola infantil “A Casiña” asentada no Barrio das Lagoas en Ourense, e polo tanto, pecharía as súas portas aludindo a que as familias sen recursos teñen cuberto este servizo dende a implementación da medida de gratuidade universal para as escolas infantís, entre outras causas.

Ata o de agora o Barrio das Lagoas constituía un oasis educativo ao dispor de centros para todas as idades e etapas formativas residentes nel o que fixo que moita xente moza se trasladase a este barrio da cidade.

A citada escola conta cunha traxectoria de case 50 anos e un cadro de persoal de 7 traballadoras.

Os pais e nais están atravesando un momento de desacougo posto que a medida foi comunicada cando o prazo de petición de prazas de continuidade xa comezara e pola situación que vai provocar o peche das instalacións polo falta de prazas, implicando trastornos no desprazamento ata eles, e tendo en conta que fan falla 150 prazas para esta etapa educativa na cidade ao quedaren este número de familias sen unha en exercicios anteriores.





A Xunta de Galicia, en declaracións efectuadas a un diario local, manifestaba que ía garantir que ningunha familia escolarizada actualmente na escola infantil “A Casiña” quede sen escolarizar no curso 2025-26. Garantindo que as familias van dispoñer dunha praza nunha escola infantil na cidade de Ourense. Cómpre lembrar que o Goberno galego decidiu devolver 22 millóns de euros de fondos europeos destinados á creación de 3.200 prazas públicas de educación infantil de 0 a 3 anos.

Está demostrada a importancia que teñen os primeiros anos de vida nun neno ou nunha nena. Diferentes estudos confirman que nas fases máis temperás da vida dunha persoa son as máis cruciais para se desenvolver de maneira satisfactoria. A educación dos primeiros anos fixa os cimentos do desenvolvemento educativo. Por estas circunstancias o acceso á educación de 0 a 3 non pode ser un privilexio. A proximidade ao centro marca un punto de inflexión en relación coa precisa conciliación familiar e polo que este grupo parlamentario entende que o Goberno galego debe dar un paso adiante, e ante a necesidade de prazas de educación de 0 a 3, na provincia de Ourense e en particular na zona das Lagoas, estudar as fórmulas legais que lle permitan a utilización do edificio no que se atopa asentada a escola infantil, a converta nunha escola de 0 a 3 anos de xestión pública.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ante a problemática que padecen os pais e nais da escola A Casiña no barrio das Lagoas da cidade de Ourense, ¿valora a Xunta de Galicia buscar fórmulas para a creación dunha escola de 0 a 3 neste espazo?
2. Que nova fórmula ven factible para que se siga a prestar o servizo de escola infantil de 0 a 3 anos?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2025 11:04:05
Nº Rexistro: 21571
Data envío: 12/03/2025 11:04:05.215

3. Que xestións van realizar para xestionar a empregabilidade das traballadoras e traballadores da actual escola infantil?

Parlamento de Galicia, 11 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/03/2025 10:44:13

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2025 10:44:25

Silvia Longueira Castro na data 12/03/2025 10:44:35

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74406

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a mitigación da erosión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O solo non permanece inalterado, nin moito menos. As choivas, sobre todo as torrenciais e aínda máis intensamente en terreos pasto dos incendios, arrastran aos ríos e ao mar cantidades inxentes de terra. A iso súmase tamén a acción humana, que interactúa de forma determinante.

As taxas de erosión do solo son moito mais altas que as taxas de formación do solo. O solo é un recurso **finito**, o que significa que a súa perda e degradación non son recuperables a escala humana.

A erosión do solo afecta a saúde e a produtividade do solo ao eliminar a capa superficial altamente fértil e expoñer o solo restante.

A erosión do solo diminúe a produtividade agrícola, degrada as funcións dos ecosistemas, amplifica o risco hidroxolóxico, como os deslizamentos de terra ou as inundacións, causa perdas significativas da biodiversidade, dana as infraestruturas urbanas e, en casos graves, leva incluso a necesidade de desprazamentos das poboacións.

En España o problema da erosión é importante porque pode conducir á desertización do solo, secuencia final do proceso erosivo. En materia de erosión de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

solos, a única fonte de información son os datos do Inventario Nacional de Erosión do Solo (INES), nos que o obxectivo fundamental é cuantificar e reflectir os diferentes procesos de erosión de solos, así como estudar a súa evolución mediante a súa comparación con inventarios sucesivos e anteriores.

No caso de Galiza, o fenómeno da erosión acentuouse tamén como no conxunto de España, segundo se recolle na última actualización do Inventario Nacional de Erosión de Solo (INES), de 2022. Se en 2010 Galiza perdía 36 millóns de toneladas ao ano, a cifra elevouse ata os 45,1 millóns no 2022.

Os 45,11 millóns de toneladas que perde Galiza ao ano sitúana como a cuarta comunidade autónoma máis castigada pola erosión en termos absolutos. Á fronte atópase Andalucía, con algo máis de 193 millóns e séguelle, aínda que xa a bastante distancia, Cataluña, con 72 millóns de toneladas. Logo está Castela A Mancha, con 45,12 millóns e, xusto por detrás, Galiza. Sendo en toda España, o desgaste do solo foi de 600 millóns de toneladas.

De media, no conxunto de España a erosión é de 12,26 toneladas por hectárea e ano e Galiza está por encima, con 15,61 toneladas/ha/ano.

Aínda que hai varios tipos de erosión, a máis importante tanto cualitativa como cuantitativamente é a producida pola auga, a erosión hídrica.

A erosión do solo pode afectar á infiltración, o almacenamento e a drenaxe da auga no solo, provocando por un lado a saturación do solo e, pola outra, a escaseza de auga. Na agricultura, estímase que a erosión do solo pode levar a unha perda de ata o 50 por cento no rendemento dos cultivos.

A erosión, considérase que comeza a ser grave cando pasa das 50 toneladas por hectárea e ano. Galiza ten 186.743 hectáreas con esta cualificación, que supoñen case o 12% de todo o territorio. Serían 106.493 hectáreas cunha degradación de entre 50 e 100





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

toneladas; 48.653 con entre 100 e 200 (moi grave); e 31.597 cunha erosión superior ás 200 toneladas anuais (extrema).

No resto da superficie de Galiza tamén se produce este fenómeno, pero é case inexistente ou se consideran leves ou moderados, que na maior parte dos casos pode non ser apreciable sequera a primeira ollada.

Debido a que o 95% dos alimentos que consumimos proveñen do solo, a mitigación da erosión do solo a través da aplicación da Xestión Sostible do Solo é fundamental para protexer o noso solo e, ao mesmo tempo, garantir a sostibilidade e a seguridade desde o punto de vista alimentario.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Vai a Xunta de Galiza facer uso dos datos de erosión en Galiza, INES 2022, para localizar, cuantificar e analizar a evolución dos fenómenos erosivos en Galiza?

Ten previsto a Xunta de Galiza facer uso dos datos de erosión en Galiza, INES 2022, para restauración de áreas incendiadas e de áreas susceptibles de inundación?

Desde a Xunta de Galiza, que se ten pensado facer para frear a media da erosión en Galiza, de 15,61 toneladas de solo perdidas, cifra superior a do Estado?.

Vai empregar a Xunta de Galiza, os datos da erosión do solo para empregalos como elemento de cálculo do carbono orgánico do solo, e, polo tanto, para o novo decreto do Carbono?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 12/03/2025 11:02:39

Luis Bará Torres na data 12/03/2025 11:09:43





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende 2024 e xa vai case un ano, os pais e nais de Carnota veñen denunciando a falla do servizo médico de pediatría no seu municipio, sen que a día de hoxe se cubrira dita praza pola Consellería de Sanidade do Partido Popular, que está compartida co Concello de Muros e que acudía ao mesmo os luns, mércores e venres de 8,30 a 12,00 horas. A situación lonxe de solucionarse, agravouse, ao coñecer esta semana pasada un novo recorte nos servizos sanitarios, xa que agora acaban de quedar sen enfermería pediátrica dende o 10 de marzo, que atendía as revisións de idade, curas e vacinas dos nenos e nenas en idade infantil.

Estes nais e pais enviaron cartas ao conselleiro de Sanidade, reclamándolle que se cubrira a baixa de longa duración da praza de pediatría, cuxo titular desprazábase ao centro de saúde de Carnota, xa que o resto da xornada desenvólvea en Muros, onde existe outro facultativo de pediatría. A contestación da Consellería foi a seguinte:

“Para a optimización dos recursos, nos centros de saúde estase asignando a citación non urxente dos nenos menores de 3 anos na cota do pediatra máis próximo xeograficamente, e os maiores desa idade son valorados en primeira instancia por un médico de atención primaria para determinar as accións correspondentes”.





As crianzas, ao igual que as persoas adultas, teñen dereito a unha asistencia sanitaria digna, de calidade e proximidade nos seus centros de saúde. Mais a política sanitaria levada a cabo polo Partido Popular desde a Xunta de Galicia ten un dos obxectivos na pediatría de Atención Primaria.

Segundo os últimos datos publicados polo IGE o número de pediatras en Atención Primaria no 2023 era de 325, fronte ás 405 que había en 2004. Unha redución de 80 profesionais e que nos conduce á situación na que máis da metade dos concellos galegos contan con pediatría nos centros de saúde e máis de 11.000 crianzas non teñen ningunha pediatra asignada.

A Consellería de Sanidade está actuando en contra dos estándares internacionais de calidade, privando dunha atención médica pediátrica aceptable no Concello de Carnota, obrigando aos pais e nais a desprazarse ao Concello de Muros cando os rapaces son menores de tres anos, saturando e retrasando a atención nese centro de saúde, que cun só pediatra ten que atender aos nenos que atendían antes dous facultativos. Están privando dun médico especialista aos nenos de 4 a 14 anos, que teñen que ser atendidos por un médico de primaria ao que nin tan sequera se lle esixe unha formación específica en pediatría. E por último, por se non chegara, acaban de eliminar a praza de enfermería pediátrica que estaba no centro de saúde do concello carnotán, agravando a situación de precariedade xa existente.

Os pais e nais de Carnota demandan unha sanidade pública e de calidade, polo que é necesario dar unha solución satisfactoria que pasa pola cobertura inmediata da praza de pediatría e de enfermería pediátrica no centro de saúde da localidade.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2025 11:41:20
Nº Rexistro: 21585
Data envío: 12/03/2025 11:41:20.229

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Sergas a cubrir a praza de difícil cobertura de pediatría no centro de saúde de Carnota de forma urxente? e a praza de enfermería pediátrica?
2. Que medidas se están a tomar no centro de saúde de Carnota, respecto de pediatría, para evitar a saturación do servizo, ao ser un só pediatra o que está a prestar o servizo para os dous concellos?
3. Cre o goberno galego que é recomendable que os nenos e nenas de mais de tres anos sexan atendidos polo médico de primaria en Carnota?
4. Considera que se están a cumprir os protocolos aprobados polas autoridades sanitarias?

Santiago de Compostela, a 11 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 12/03/2025 11:37:28

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2025 11:37:41

Silvia Longueira Castro na data 12/03/2025 11:37:52

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74413

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2025 13:33:21
Nº Rexistro: 21600
Data envío: 12/03/2025 13:33:21.053

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a decembro do 2024. Na Area Sanitaria Santiago-Barbanza temos 18.127 persoas esperando unha proba diagnóstica.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e moi especialmente na área sanitaria de Santiago-Barbanza, en probas diagnósticas.

Como tamén é lóxico facer a comparación co ano anterior, atopámonos con que os datos son peores: 15.876 persoas tiñamos a finais do ano 2023 e 18.127 a finais do ano 2024.

O conselleiro dixo na presentación dos datos: *"Sabemos que uno de los asuntos que más preocupan a los gallegos son las listas de espera, que nos permiten establecer prioridades y garantizar que no espere todo aquello que es urgente"*. Pois é urxente camiñar cara adiante, baixando as listas de espera e non que cada semestre increméntense.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74414

@PSdeG





A ver si sabendo que é un dos asuntos que máis lle preocupan o conselleiro, se realmente preocúpalle, porque non esquezamos que non hai moito pedía “*importancia relativa*” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”. Ou ben achacaba as listas de espera, entre outras cousas, ao aumento da demanda e a lonxevidade.

Ninguén dubida do bo facer das persoas profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai máis aló do que realmente lle corresponde e manteñen a calidade a pesar das deficiencias organizativas.

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronicidade das enfermidades e unha infinita inseguridade porque moitas veces as probas diagnósticas son imprescindibles para facer un diagnóstico por parte dos facultativos.

Pasa o tempo e vemos que non se pon remedio as avultadas listas de espera, o que xera queixas fundamentadas por parte dos pacientes e familiares. Listas que son maiores para facer unha resonancia, unha ecografía abdominal ou unha proba diagnóstica de radioloxía.

Esta liña ascendente, pon ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2025 13:33:21
Nº Rexistro: 21600
Data envío: 12/03/2025 13:33:21.053

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera polas probas diagnósticas na área sanitaria de Santiago-Barbanza?

Santiago de Compostela, a 12 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 12/03/2025 13:17:23

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2025 13:17:36

Silvia Longueira Castro na data 12/03/2025 13:18:00

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74416

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A Xunta de Galicia vén de realizar unha obra na contorna do Centro de Saúde da Ponte en Ourense, empregando neumáticos nos alcorques das árbores e céspede artificial, o que implica microplásticos o carón do edificio sanitario.

Non é a primeira vez que o Goberno galego atenta contra esta infraestrutura pública que xa foi presa de ser convertido nunha glorieta coa construción da estación de autobuses.

O Grupo Parlamentario Socialista defende que as actuacións en materia de urbanismo deberían implicar maior rigor medioambiental no canto de atentar contra a saúde da cidadanía, por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que orzamento dedicou o Goberno galego á obra realizada na contorna do Centro de Saúde da Ponte, en Ourense?
2. Considera o Goberno galego que é unha obra sostible ambientalmente?
3. Vai o Goberno galego corrixir esta chapuza medioambiental?
4. Vai retirar os microplásticos e o céspede artificial co fin de buscar solucións respectuosas co medioambiente?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2025 13:40:31
Nº Rexistro: 21604
Data envío: 12/03/2025 13:40:31.650

Parlamento de Galicia, 11 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/03/2025 12:58:46

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2025 12:58:59

Silvia Longueira Castro na data 12/03/2025 12:59:10

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74418

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a avaliación do avance no uso do galego por parte
das empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Título IV da Lei de normalización lingüística referido ao uso do galego nos
medios de comunicación regula os seguintes artigos:

Artigo 18

*O galego será a lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais
medios de comunicación social sometidos a xestión ou competencia das institucións da
Comunidade Autónoma.*

Artigo 19

*O Goberno Galego prestará apoio económico e material aos medios de
comunicación non incluídos no artigo anterior que empreguen o galego dun xeito
habitual e progresivo.*

Ao fin deste último artigo, a Secretaría Xeral de Medios vén convocando nos
últimos anos senllas axudas destinadas a potenciar o avance no uso da lingua galega nos
medios dirixidos por empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por unha banda, e a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integramente en galego, pola outra.

Nos dous casos estamos ante axudas que se resolven polo procedemento de concorrência non competitiva, co obxectivo de apoiar a información orientada a alentar a defensa da identidade de Galiza, a promoción dos seus valores, a normalización da lingua e a defensa da súa cultura.

A distribución do crédito dirixido ás empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada foi a seguinte na última convocatoria de 2024:

- Axudas a xornais impresos en formato papel: 1.255.000,00 euros.
- Axudas a empresas radiofónicas privadas: 266.400,00 euros.
- Axudas a empresas xornalísticas que difundan a súa actividade informativa mediante a internet: 455.377,00 euros.

No caso das axudas dirixidas a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integramente en galego a contía da convocatoria a repartir foi de 40.000 euros no exercicio de 2024.

En ambos os dous casos estas cifras véñense mantendo inalteradas nos últimos anos, independentemente de se teren acrecentado no seu conxunto os orzamentos da Xunta de Galiza, o que demostra a falta de interese do goberno do PP para facer avanzar a normalización lingüística no uso do galego nos medios de comunicación impresos e radiofónicos de titularidade privada.

Un obxectivo do goberno do PP conseguido, como se pode comprobar nunha percepción contrastada da lectura ou audición destes medios de comunicación. Malia seren, ano tras ano, estas empresas xornalísticas agraciadas con importantes cantidades de diñeiro público, non se verifican avances no uso da lingua galega na transmisión dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seus contidos, o que implicaría o incumprimento dunha parte do articulado do Estatuto de Autonomía que senta as bases da propia convocatoria, ou mesmo da propia Lei de normalización lingüística.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Como valora a Xunta o avance no uso do galego por parte das empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada, ao abeiro das axudas públicas para este fin?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/03/2025 14:01:03

Iria Taibo Corsanego na data 12/03/2025 14:03:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 12/03/2025 14:03:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Iria Carreira Pazos, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o aumento no consumo de drogas realizadas con benzodicepinas entre a mocidade en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As benzodicepinas (BZD) son unha clase de fármacos con efectos hipnóticos, ansiolíticos, anticonvulsivos, amnésicos e miorrelaxantes. Trátase de fármacos moi prescritos polo que a súa dispoñibilidade é moi ampla en Galiza. Segundo se puido saber nos últimos tempos e segundo denunciaron desde a Fundación Galega contra o Narcotráfico, xa se percibe un aumento preocupante entre a mocidade galega no consumo de drogas realizadas con estes fármacos.

En concreto, as persoas expertas alertan de que incrementa o uso de drogas como a denominada ‘karbuki’ que se consegue após a mestura de benzodiazepinas (como o Rivotril) con haxix, alcohol ou mesmo pegamento. Esta droga é, normalmente, consumida por persoas que toman outros estupefacientes, polo que o incremento no seu uso é, se cabe, máis alarmante. A todo isto súmase o feito de que é entre a mocidade onde máis se percibe este aumento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As persoas expertas nesta materia veñen alertando que desde a pandemia da Covid-19 a porcentaxe de mozas e mozos que consumen este tipo de drogas depresoras sobe, polo que o goberno galego debe apresurarse a realizar un plan que vise aplacar este incremento. Un plan que, ao ver do Grupo Parlamentar do BNG, debe ser integral e actuar en varias fronteiras para que a súa eficacia sexa a maior posíbel. Ante a falta de alternativas de lecer, ante a desidia que moita xuventude sofre, ante a falta de oportunidades laborais e de acceso á vivenda que tanto afecta a mocidade galega, este aumento é cando menos previsíbel, polo que a estratexia para o reducir ten que ser, como se indicou, integral.

Este aumento ten consecuencias evidentes, na Fundación Galega Contra ou Narcotráfico tamén poñen no foco na vinculación que ten o consumo de drogas con "moitísimos" episodios de violencia. Así, alertan alí de que os gobernos deben reaccionar politicamente ante un problema que cada vez é máis real e máis claro entre a sociedade e a mocidade deste país.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que opina o goberno galego do aumento constatado no consumo de drogas elaboradas a partir das benzodicepinas especialmente entre a mocidade galega?
- Ten a Xunta de Galiza estratexias para aplacar este aumento?
- Considera o goberno de Galiza preocupante o incremento no consumo de drogas como o 'karbuki'?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A que pensa a Xunta de Galiza que se debe este medre no consumo deste tipo de drogas?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 12/03/2025 17:21:42

Iria Carreira Pazos na data 12/03/2025 17:21:52





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a decembro do 2024. Na área sanitaria de Ourense-Verín-O Barco temos 8.173 persoas esperando unha proba diagnóstica.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e moi especialmente na área sanitaria de Ourense-Verín-O Barco, probas diagnósticas.

Porque ademais os datos son peores que os que tiñamos a mediados de ano que eran 6.949 persoas, é dicir, que en 6 meses aumentamos máis de mil persoas esa lista de espera.

Pero como tamén é lóxico facer a comparación co ano anterior, atopámonos con que os datos son peores: 7.209 persoas tiñamos a finais do ano 2023 e 8.173 a finais do ano 2024.

O conselleiro dixo na presentación dos datos: "Sabemos que uno de los asuntos que más preocupan a los gallegos son las listas de espera, que nos permiten establecer prioridades y garantizar que no espere todo aquello que es urgente".





Pois urxente é camiñar cara adiante, baixando as listas de espera e non que cada semestre se incrementen.

A ver se sabendo que é un dos asuntos que máis lle preocupan se preocupa, porque non esquezamos que non hai moito pedía “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de agarda na saúde dos doentes”. Ou ben achacaba as listas de espera, entre outras cousas, o aumento da demanda e a lonxevidade.

Ninguén dúbida do bo facer das persoas profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai máis aló do que realmente lle corresponde, manteñen a calidade a pesares das deficiencias organizativas.

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade. Inseguridade porque moitas veces as probas diagnósticas son imprescindibles para facer un diagnóstico por parte dos facultativos.

Pasa o tempo e vemos que non se pon remedio as avultadas listas de espera, o que xera queixas fundamentadas por parte dos doentes e familiares. Listas que son maiores para facer unha resonancia, unha ecografía abdominal o unha ecografía musculoesquelética. Tres probas que especialmente aumentan no último ano.

Esta liña ascendente, pon ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2025 18:19:31
Nº Rexistro: 21624
Data envío: 12/03/2025 18:19:31.385

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera en probas diagnósticas na Area Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco, especialmente no Hospital Universitario de Ourense?

Parlamento de Galicia, 12 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/03/2025 18:17:43

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2025 18:17:54

Silvia Longueira Castro na data 12/03/2025 18:18:20

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74428

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a decembro do 2024. Na área sanitaria de Vigo temos 23.599 persoas esperando unha proba diagnóstica.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e moi especialmente na área sanitaria de Vigo, probas diagnósticas.

Porque ademais os datos son peores que os que tiñamos a finais de ano que eran 20.502 persoas. Pero como tamén é lóxico temos que facer a comparación co ano anterior e atopámonos con que os datos son peores: 20.502 persoas eran a finais do ano 2023 e 23.599 a finais do ano 2024.

O conselleiro dixo na presentación dos datos: "Sabemos que uno de los asuntos que más preocupan a los gallegos son las listas de espera, que nos permiten establecer prioridades y garantizar que no espere todo aquello que es urgente".

Pois é urxente camiñar cara adiante, baixando as listas de espera e non que cada semestre se incrementen.





Se sabemos que é un dos asuntos que máis lle preocupan ao conselleiro, esperemos que realmente lle preocupe, porque non esquezamos que non hai moito pedía “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”. Ou ben achacaba as listas de espera, entre outras cousas, o aumento da demanda e a lonxevidade.

Ninguén dúbida do bo facer das persoas profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai máis alá do que realmente lle corresponde, manteñen a calidade a pesares das deficiencias organizativas.

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do doente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de situacións estresantes que non contribúen ao seu benestar. Inseguridade durante o tempo de espera porque moitas veces as probas diagnósticas son imprescindibles para facer un diagnóstico por parte dos facultativos.

Pasa o tempo e vemos que non se pon remedio as avultadas listas de espera, o que xera queixas fundamentadas por parte dos doentes e familiares. Listas que son maiores para facer unha resonancia, un TAC, unha ecografía abdominal ou unha ecografía musculoesquelética, una ecografía tiroidea, ou unha proba diagnóstica de radioloxía convencional.

Esta liña ascendente, pon ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de agarda de probas diagnósticas na área sanitaria de Vigo?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2025 18:21:27
Nº Rexistro: 21629
Data envío: 12/03/2025 18:21:27.510

Parlamento de Galicia, 12 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2025 17:59:55

Carlos López Font na data 12/03/2025 18:00:05

Silvia Longueira Castro na data 12/03/2025 18:00:15

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74431

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Cerdeiriñas é un centro situado no rural, concretamente na parroquia de Piloño pertencente ao concello de Vila de Cruces, e conta con 66 crianzas matriculadas no curso actual.

A totalidade do alumnado gozaba, ate o de agora, dun servizo de comedor con cociña propia, onde un profesional sen praza fixa levaba a cabo a súa función, a maiores de atender ás crianzas durante os xantares, coa axuda do alumnado de maior idade.

Dado o remate do contrato temporal do encargado do servizo de cociña e, por mor de non ter previsto facerlle a renovación deste por implicar que o contratado podería reclamar a súa praza polo tempo que permaneceu nela e ser susceptible dun contrato como fixo, o cociñeiro viu finalizar a súa estadía laboral en Piloño, pasando a unha situación de desemprego.

Este pasado martes, con 24 horas de antelación, a dirección do centro, de grande capacidade organizativa e responsabilidade, recibiu unha comunicación por parte da Consellería de Educación na que se especificaba que o mesmo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mércores desa semana os escolares non gozarían de servizo de comedor. Tras reunirse a Comisión de emerxencia constituída no seo do Consello escolar, o centro comunicou os feitos ás familias, co estrés e preocupación correspondentes por parte destas, as que se ofertaba a posibilidade de recoller ás crianzas para levalas xantar ás súas residencias ou que estas levasen a súa propia comida ao CEIP.

Dende a Consellería, visto o caos que se creou ao informar desta situación, horas despois anunciaban que no centro educativo se recibiría un servizo de catering. O problema que se xera con esta medida insuficiente e de pouca previsión é a falla de atención das crianzas durante o xantar, ao que os mestres se negaron por non ser parte das súas funcións, de xeito que as familias non saben a día de hoxe que pasará coas súas crianzas á hora da comida.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1. Descoñecía a Consellería de Educación que o único encargado da cociña do CEIP Cerdeiriñas de Piloño remataba o seu contrato e o centro educativo quedaría sen servizo de comedor para os 66 escolares?
2. Considera a Xunta de Galiza unha situación laboral precaria a do cociñeiro do CEIP Cerdeiriñas, sabendo que coa intención de non ofertarlle un contrato fixo rematou en situación de desemprego?
3. Considera a Consellería de Educación adecuado avisar á dirección do centro do acontecido 24 horas antes de deixalos sen servizo de comedor?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Considera a Xunta de Galiza que está tratando ben ao CEIP Cerdeiriñas de Piloño ao recortarlle recentemente o profesorado e deixalos sen servizo de comedor tras avisar ás familias con 24 horas de antelación?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 12/03/2025 18:31:51

Cristina Fernández Davila na data 12/03/2025 18:32:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Noa Presas Bergantiños e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a colaboración da Xunta de Galiza con actos nos que se utiliza a toponimia oficial deturpada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O venres 14 de marzo o programa *Es la mañana de Federico* emitírase desde Ourense, e a cartelaría que divulga o programa faino utilizando o topónimo non oficial da cidade. Esta mesma cartelaría leva o logotipo da Xunta de Galiza, incumprindo a lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece no seu artigo 10.1: “Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega”. Isto é así independentemente da lingua na que se escriba.

Calquera colaboración do goberno galego debe implicar o respecto desta oficialidade, en todos os casos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Que medidas pon en marcha o goberno galego para garantir que as empresas e entidades de todo tipo coas que colabora empreguen a toponimia oficial?
- Por que o goberno galego apoia eventos nos que non se respecta a toponimia oficial galega?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que ten previsto facer o goberno galego para corrixir a exclusión do topónimo oficial da cidade de Ourense na emisión do programa *Es la mañana de Federico*, que se vai emitir o venres 14 de marzo desde esta cidade?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 12/03/2025 21:53:09

Noa Presas Bergantiños na data 12/03/2025 21:53:22

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/03/2025 21:53:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o polígono industrial da Medela en Valga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 12 de febreiro de 2015 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza anulou as determinacións que contiña o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Valga respecto da clasificación dos terreos SI-07-POL01 e SI-07-POL02 como solo urbanizable industrial e as estradas que lle ían dar servizo. A primeira clasificación correspondería cos terreos da parte da zona da Medela, e a segunda coa de Magariños. A sentenza chega a dicir que as xustificacións dadas polo Concello de Valga e a Xunta de Galiza para a creación do polígono industrial “*baséanse en datos que non son certos*”, concluíndo que “*o anterior planeamento clasificaba como solo non urbanizable de protección forestal algúns terreos que o novo inclúe no sector de solo urbanizable de uso industrial SI-07. A eses terreos éelles aplicable o disposto na Lei 9/2002 para o solo rústico en virtude do establecido na súa Disposición transitoria primeira, apartado 1.f). De acordo co artigo 14.1 desta lei, como regra xeral un solo rústico protexido non pode ser clasificado como solo urbanizable*”. Malia a rotundidade desta sentenza, o Concello de Valga e a Xunta de Galiza recorreron ao Tribunal Supremo, mais a sentenza deste, de data 1 de xuño de 2016, volveu corroborar a ilegalidade da clasificación dos terreos da Medela e Magariños como solo urbanizable industrial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A pesar da existencia de dúas sentenzas moi claras e rotundas, tanto o Concello de Valga como a Xunta de Galiza nunca a aplicaron. Así, o PXOM de Valga segue considerando os terreos tanto da Medela como de Magariños como solo urbanizable industrial, ao igual que a Xunta de Galiza no Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galiza.

Unha consecuencia da non execución das sentenzas é que os terreos da Medela teñen a clasificación de solo industrial en catastro, polo que os propietarios están pagando a contribución como solo urbano. Outra implicación é que, tras recibir dilixencias de notificación enviadas polo Concello de Valga, os propietarios con parcelas localizadas no perímetro dos terreos clasificados como solo urbanizable industrial na Medela e Magariños, teñen a obrigaón de limpar os terreos para o cumprimento das faixas de protección dos núcleos habitados para impedir o risco de incendios forestais, obrigaón que non existiría se o Concello de Valga e a Xunta de Galiza tivesen executado o fallo das sentenzas.

O recente proxecto de ampliación do vial da Medela, que no proxecto xustifícase como a “*dotación dun acceso apropiado ás parcelas agrícolas*”, non deixa de ser unha estrada que daría servizo ao polígono industrial. No anexo de expropiacións do proxecto, asinado polo arquitecto municipal, todas as parcelas foron clasificadas como solo rústico, cando parte delas deberían ter sido valoradas como solo industrial, co consecuente incremento no prezo de expropiación.

O 25 de xaneiro de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galiza a aprobación definitiva da modificación puntual número 2 do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galiza (PSOAE). Un dos polígonos industriais que aparece é o de Valga, situado integramente na Medela, ao oeste da estrada N-550. Trátase dunha área de 221.177 metros cadrados que se desenvolvería en tres fases. A Fase 1 (37.639 m²) correspóndese case na súa totalidade cunha empresa madeireira xa existente, mentres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que a Fase 2 (93.741 m²) e a Fase 3 (89.797 m²) sería o ámbito industrial a desenvolver propiamente dito. Esta nova delimitación elimina toda a parte de Magariños, mais na Medela coincide case na súa totalidade co solo industrial anulado anteriormente polas dúas sentenzas e soamente se elimina a parte máis situada ao norte onde está xa emprazada unha subestación eléctrica. Para a execución da Fase 3, segundo o descrito no plan, conectarase á N-550 mediante “un enlace a diferente nivel existente no lugar de A Medela”, o que suporía aínda máis expropiacións e afeccións das previstas.

A falta de información e participación real impediu que veciños e veciñas tiveran coñecemento real deste novo intento para crear un polígono industrial na Medela, situado practicamente na mesma localización do que foi anulado pola xustiza; e nomeadamente a Fase 3, emprazada na súa totalidade en terreos rústicos tal como os clasificaba o anterior PXOM e segundo o disposto nos fundamentos xurídicos das sentenzas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Por que o goberno galego non aplicou os fundamentos xurídicos que impedirían a execución dun polígono industrial da Medela en solos clasificados anteriormente como rústico?

Por que a Xunta e o concello de Valga non informaron a veciñanza das mudanzas normativas levadas a cabo de maneira escurantista e coa intención de burlar sentenzas xudiciais?

En que situación de tramitación se encontra o polígono industrial de Valga?

Forman parte do futuro polígono industrial a ampliación do vial da Medela e a subestación eléctrica?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Informou o demarcación de estradas do Estado sobre as previsións de conexión entre o polígono industrial da Medela e a N550?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Brais Ruanova Vilas-Boas
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 12/03/2025 11:29:57

Alexandra Fernández Gómez na data 12/03/2025 12:11:06

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/03/2025 12:11:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación da Atención Primaria do concello de Ribadeo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da Atención Primaria do concello de Ribadeo leva xa anos sendo de absoluto colapso. Unha situación na que tanto os servizos de pediatría, medicina de familia e matrona están en permanente perigo xa que o goberno do Partido Popular é incapaz de cubrir de xeito continuo calquera destes tres servizos.

No que ten a ver co servizo de pediatría soamente se está a cubrir dous ou tres días a semana con dous pediatras en turnos de soamente catro horas, todo isto para un concello de dez mil habitantes e cun servizo de PAC que dá tamén servizo a outros dous concellos.

En canto ao servizo de matrona é necesario destacar que se vén ofrecendo soamente un día á semana, e soamente nalgúns casos acode ao Centro de Saúde outro día máis á semana.

No tocante ao servizo de médico ou médica de familia, a situación é tamén absolutamente inaceptable, xa que desde o 23 de decembro de 2024 os e as ribadenses ven como unhas das prazas por xubilación segue sen cubrir. Do mesmo xeito que non se cubriu outra das prazas que quedou baleira por xubilación no pasado mes de febreiro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén de todo isto, hai que ter en conta que hai outra xubilación máis no mes de xullo deste ano, outras dúas prazas atópanse xa en prórroga de xubilación e outra praza está cuberta soamente cada dúas semanas.

Todo isto, de xeito resumido, describe unha situación de absoluto colapso no que a atención sanitaria e de calidade non está en absoluto garantida no concello de Ribadeo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Vai a Xunta de Galiza cubrir de xeito inmediato as prazas vacantes en Medicina de Familia no Centro de Saúde de Ribadeo?
- Considera a Xunta de Galiza que un servizo de Pediatría de calidade está garantido no Centro de Saúde de Ribadeo?
- Para a Xunta de Galiza os servizos de matrona son correctos e de calidade no Centro de Saúde de Ribadeo?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 13/03/2025 09:47:09

María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2025 09:49:17





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Unha persoa de cada cinco sofre soidade non desexada en Galicia (19,8 %), cifra levemente inferior la media nacional (20,0 %) pero que dá unha voz de alerta sobre o particular. Segundo avanza un estudio da Fundación ONCE.

A soidade crónica situaríase no 15,2 % da poboación, por riba da media nacional (13,5 %), sendo un problema persistente xa que na nosa comunidade a duración da soidade é maior que no conxunto do país. O 77,0 % das persoas que a sofren levan nesta situación dende fai máis de 2 anos, cifra que é superior á media nacional (67,7%). E un 56,4% desde fai máis de tres (comparado co 59% no conxunto do país).alfo inferior respecto á media nacional (36,6%)

Das persoas que non senten a soidade no momento actual, un terzo (34,7 %) tivo unha etapa na que sentiu soidade, algo inferior respecto á media nacional (36,6 %). E a soidade non desexada é similar entre homes e mulleres: un 20 % de mulleres fronte a un 19,7 % de homes.

O dato toma relevancia cando pescudamos que a soidade non desexada está especialmente estendida entre a xuventude. As persoas entre 18 e 34 anos teñen unha prevalencia superior que os outros dous grupos de idade estudados con un 35,5 % (fronte a un 12 % entre 35 e 54 anos e un 19,9 % entre as persoas de 55 e máis anos).





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2025 10:30:15
Nº Rexistro: 21650
Data envío: 13/03/2025 10:30:15.227

As persoas de entre 18 e 34 anos teñen unha prevalencia superior que os outros dous grupos de idade estudados con un 35,5 % (fronte a un 12 % entre 35 e 54 anos e un 19,9 % entre as persoas de 55 e máis anos).

Con estes datos, e coa casuística galega particular sobre a emerxencia demográfica que está a pasar, onde unha parte cada vez maior do territorio está baleira, entendemos que se abre un problema que precisa dunha atención particular por parte do goberno da Xunta de Galicia.

Por tal motivo, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten previsto a Xunta de Galicia a presentación dun programa específico para combater a soidade non desexada en Galicia?

Santiago de Compostela, a 12 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 13/03/2025 09:57:43

Elena Espinosa Mangana na data 13/03/2025 09:58:13

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74445

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O envellecemento en Galicia deixa a cifra de 20.000 dependentes que viven sos nos seus fogares. Isto supón que 1 de cada catro habitantes de Galicia superou os 65 anos e o envellecemento increméntase cada ano xa que non hai un contrapeso debido a emerxencia demográfica galega, onde a natalidade está a baixa.

O feito de que aínda se manteña unha certa conexión familiar, propicia a existencia de redes de apoio que, ben é certo, cada día diminúen un pouco máis. Isto propicia que haxa de esforzarse en dispoñer de máis servizos de proximidade; xa que, ademais, en Galicia hai 103.000 familias con membros en situación de dependencia.

O feito da baixada da natalidade e polo tanto da extinción paulatina das redes de apoio familiar, urxe da planificación dos servizos de proximidade que sosteñan esta situación e sirvan tamén de prevención e alerta ante situacións desfavorables.

Estas dúas tendencias (a baixada de natalidade e a extinción de redes de apoio familiar) levaron a que 20.056 familias contén con todos os membros en situación de dependencia, superando o dato de 2017 onde eran 16.169 familias. E segundo datos do IGE, este incremento irá a máis. E será especialmente grave para os matrimonios de persoas de avanzada idade nos que ambos teñan algunha dependencia ou para os dependentes que vivan





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2025 10:32:07
Nº Rexistro: 21656
Data envío: 13/03/2025 10:32:07.338

solos. Con un dato moi significativo: desde o ano 2007 non se abre en Galicia ningunha residencia totalmente pública.

Ante tal situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Cales son as medidas principais que planifican levar a cabo desde a Consellería de Política Social e Igualdade para facer fronte ao envellecemento da poboación galega e a súa casuística?

Santiago de Compostela, a 12 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 13/03/2025 09:57:21

Elena Espinosa Mangana na data 13/03/2025 09:57:32

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74447

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a importancia de o goberno da Xunta elaborar un plan específico para os museos e centros museísticos galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2021 o Partido Popular aprobou en solitario a Lei de museos e outros centros museísticos.

Desde o BNG defendemos o voto en contra a este proxecto de lei argumentando que se trataba dun texto conservador, limitado e desactualizado, xa que ignoraba as novas correntes da museoloxía como é atender a función social.

Catro anos despois, o desenvolvemento desta lei, chamada a ser pioneira por parte do goberno do PP, é máis que cuestionábel.

Neste tempo a regulación lexislativa non serviu para cumprir cos obxectivos por falta de vontade do goberno da Xunta para co seu desenvolvemento.

Así se recolle na *Análise da situación dos museos e outros centros museísticos en Galicia* elaborada recentemente polo Consello da Cultura Galega co obxectivo de diagnosticar o estado dos centros museísticos en Galiza a través dunha *investigación na que se combina unha explotación das fontes estatísticas secundarias relacionadas cos museos coa obtención de datos propios*.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nesta análise conclúese que, mentres que medra o interese da sociedade galega polos museos, non se ten producido unha atención correspondente por parte do goberno do PP.

Algunhas das eivas identificadas neste informe fan referencia á ausencia dun incremento proporcional na calidade dos contidos, constátase a falta de recursos que chega a identificarse coa precariedade nalgúns museos, o que impide acometer as tarefas máis básicas de mantemento e custodia dos fondos; a insuficiente modernización tecnolóxica ou os horarios pouco axeitados e insuficiencia de recursos humanos e a mellora da profesionalización como materia pendente.

O nivel de coordinación entre os museos galegos percíbese como insuficiente, consecuencia da demora en crear o goberno o Sistema Galego de Centros Museísticos que recollía a propia lei.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que accións derivadas do desenvolvemento da Lei de museos e centros museísticos de Galiza impulsou o goberno galego desde a súa aprobación?
- Ten elaborada a Xunta unha radiografía actualizada dos museos e centros museísticos galegos?
- Como valora a recente creación do Sistema Galego de Centros Museísticos?
- Que estratexias de funcionamento se teñen posto en marcha desde a súa creación?
- Cales son os seus obxectivos no curto prazo? E no medio prazo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora o goberno a *Análise da situación dos museos e outros centros museísticos en Galicia elaborada recentemente polo Consello da Cultura Galega*?
- Vai elaborar a Xunta en 2025 un plan específico para os museos e centros museísticos galegos como demanda esta análise do Consello da Cultura Galega?

Santiago de Compostela, 13 de marzo febreiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Za**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/03/2025 10:41:32

Daniel Castro García na data 13/03/2025 10:43:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre as reivindicacións do persoal de Correos na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O derogado Real Decreto Lei 9/2024, de 23 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes en materia económica, tributaria, de transporte e de Seguridade Social, e prorróganse determinadas medidas para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social, continúa medidas en relación á entidade pública Correos que fixeron saltar as alarmas dos traballadores e traballadoras.

Este RD contemplaba unha serie de medidas lesivas para o mantemento do Servizo Postal Universal que debe prestar Correos. Así, ao tempo que o derogado RD Lei declaraba Correos como prestador do Servizo de Interese Económica Xeral, incluía na disposición final cuarta un apartado que permitiría negar ao persoal de Correos a condición de empregados públicos.

Nesa disposición estableceíase expresamente que non será preciso aplicar o artigo 9.2 da Lei 7/20277, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público cando as funcións ou servizos sexan de “interese económico xeral”. É dicir, que de reiterarse o mantemento destas modificacións normativas estarase impedindo a aplicación do fixado no EBEP que di que “en todo caso, o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas corresponden exclusivamente aos funcionarios públicos”.

Ademais, prevense unha serie de medidas sobre cálculo e redución de custes que, de seguro, vai derivar en reducións de persoal así como nunha desregulación funcional, laboral e retributiva dos traballadores e traballadoras de Correos.

Certamente, o oportuno sería que o Goberno procedese a incorporar o persoal de Correos ao Convenio Único da Administración Xeral do Estado para que sexan considerados empregados públicos de pleno dereito.

A norma recortaba o período de tempo como prestador do Servizo Postal Universal a través dun contrato programa. No ano 2010 o devandito contrato estableceuse por un período de 15 anos (2010-2025), mais no RD derogado rebaixouse a 5 anos (2025-2030).

Ademais, incluía medidas negativas para a calidade do servizo no ámbito rural. Por exemplo, para o cálculo do custo da prestación do SPU só se contempla o ámbito urbano, ficando excluído o rural. Algo que resulta incomprensíbel tendo en conta que os contornos rurais son os máis deficitarios para Correos.

Tamén se introducía un posíbel escenario de reparto de paquetería en tres días por semana en lugar dos cinco días á semana establecidos en base á garantir o dereito ao acceso universal, e o fechamento de oficinas de atención ao público dependendo da súa rendibilidade.

De levarse adiante estas medidas, suporá un duro revés para os servizos postais no ámbito rural galego, por iso, sería pertinente que o Parlamento Galego se pronunciase ao respecto destas medidas, hoxe derogadas, mais non definitivamente desbotadas no futuro Real Decreto Lei que ten previsto aprobar o Goberno coas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

materias que quedaron pendentes despois da non convalidación do Real Decreto Lei 9/2024.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Vai demandar a Xunta de Galiza a consideración do persoal de Correos como empregados e empregadas públicas?
2. Vai demandar a Xunta de Galiza o aumento do persoal de Correos nas oficinas galegas?
3. Vai demandar a Xunta de Galiza o reparto de paquetería durante os 5 días da semana?
4. Que opinión lle merecen á Xunta de Galiza as medidas relativas ao servizo de Correos que contiña o non convalidado RD 9/2024?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/03/2025 11:12:16

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/03/2025 11:16:05





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Patricia Iglesias Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 3ª**.

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a decembro de 2024. Na área sanitaria de Vigo temos 23.599 persoas esperando unha proba diagnóstica. E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e moi especialmente na área sanitaria de Vigo, as probas diagnósticas.

Porque ademais os datos son peores que os que tiñamos a finais de ano que eran 20.502 persoas.

Pero como tamén é lóxico facer a comparación co ano anterior, atopámonos con que os datos son peores: 20.502 persoas había a finais do ano 2023 e 23.599 a finais do ano 2024.

O conselleiro dixo na presentación dos datos: "Sabemos que uno de los asuntos que más preocupan a los gallegos son las listas de espera, que nos permiten establecer prioridades y garantizar que no espere todo aquello que es urgente".

Pois é urxente é camiñar cara adiante, baixar as listas de espera e non que cada semestre se incrementen. A ver se sabendo que é un dos asuntos que máis lle preocupan o conselleiro, realmente se preocupa, porque non esquezamos que non hai moito pedía "importancia relativa" ás listas de agarda





e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de agarda na saúde dos doentes”.

Ou ben tachaba as listas de espera, entre outras cousas, como o aumento da demanda e a lonxevidade.

Ninguén dúbida do bo facer das persoas profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai máis aló do que realmente lle corresponde, manteñen a calidade a pesares das deficiencias organizativas.

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes porque crean malestar do doente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade máis de situacións estresantes que non contribúen ao seu benestar. Inseguridade porque moitas veces as probas diagnósticas son imprescindibles para facer un diagnóstico por parte dos facultativos.

Pasa o tempo e vemos que non se pon remedio as avultadas listas de espera, o que xera queixas fundamentadas por parte dos doentes e familiares. Listas que son maiores para facer unha resonancia, un TAC, unha ecografía abdominal o unha ecografía musculoesquelética, una ecografía tiroidea, ou una proba diagnóstica de radioloxía convencional.

Esta liña ascendente, pon ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

Está disposta a Xunta de Galicia a facer as modificación orzamentarias necesarias para dotar de medios materiais e humanos á área sanitaria de Vigo para rebaixar as listas de espera das probas diagnósticas?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2025 11:42:10
Nº Rexistro: 21672
Data envío: 13/03/2025 11:42:10.068

Parlamento de Galicia, 13 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 13/03/2025 11:34:41

Carlos López Font na data 13/03/2025 11:34:52

Patricia Iglesias Rey na data 13/03/2025 11:35:02

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74457

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de agarda por especialidades e áreas sanitarias, referentes a decembro do 2024. Na área sanitaria de Ourense-Verín-O Barco temos 5.931 persoas esperando unha cirurxía.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e moi especialmente na área sanitaria de Ourense-Verín-O Barco, son as listas de agarda das cirurxías.

Pero como tamén é lóxico facer a comparación co ano anterior, atopámonos con que os datos son peores: 4.899 persoas tiñamos a finais do ano 2023 e 5.931 a finais do ano 2024.

O conselleiro dixo na presentación dos datos: “Sabemos que uno de los asuntos que más preocupan a los gallegos son las listas de espera, que nos permiten establecer prioridades y garantizar que no espere todo aquello que es urgente”.

Pois é urxente camiñar cara adiante, baixar as listas de agarda e non que cada ano se incrementen.

A ver se sabendo que é un dos asuntos que máis lle preocupan o conselleiro, realmente se preocupa, porque non esquezamos que non hai moito pedía





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2025 12:18:39
Nº Rexistro: 21675
Data envío: 13/03/2025 12:18:39.347

“importancia relativa” ás listas de agarda e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de agarda na saúde dos doentes”. Ou ben tachaba as listas de agarda, entre outras cousas, como un aumento da demanda e a lonxevidade.

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes porque o malestar do doente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades etc. E na maior parte das veces, inseguridade porque unha intervención é imprescindible para que o doente poida resolver os seus problemas.

Pero pasa o tempo e vemos que non se pon remedio ás avultadas listas de agarda, o que xera queixas fundamentadas por parte dos doentes e familiares. Listas que son maiores para facer una cirurxía traumatolóxica, oftalmolóxica, ou cirurxía xeral ou dixestiva por poñer algún exemplo.

Esta liña ascendente, pon a descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de agarda de cirurxía na área sanitaria de Ourense-Verín-O Barco?

Parlamento de Galicia, 13 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/03/2025 12:14:32

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74459

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2025 12:18:39
Nº Rexistro: 21675
Data envío: 13/03/2025 12:18:39.347

Elena Espinosa Mangana na data 13/03/2025 12:15:01

Silvia Longueira Castro na data 13/03/2025 12:15:14

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74460

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o impulso de melloras estruturais no CEIP Plurilingüe de Carnota.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Plurilingüe de Carnota inaugurouse no ano 1974 e dende ese ano non se volveu facer ningunha reforma estrutural do mesmo, si pequenas reparacións e varias mans de pintura. Mais a realidade é que a ANPA do colexio vén denunciando a situación de penosidade na que se atopa, e que precisa de reformas estruturais que debe resolver a Xunta de Galiza.

A ANPA dirixiuse por carta ao Conselleiro de Educación en decembro de 2024 dándolle traslado do informe elaborado polo propio colexio no que se recollen as necesidades máis urxentes e as reformas que precisan realizar para impartir as aulas en mellores condicións que as existentes e queixándose de que nos últimos oito anos non se atenderon, por parte das administracións, ningunha das peticións realizadas, incluso algunhas de mantemento de carácter anual.

Neste informe relatan que o sistema de calefacción non funciona correctamente, cunha caldeira antiga e cun depósito con lodos que non se limpan, ao que se suma unhas fiestras antigas de aluminio de cristal simple, con caixas sen aillar e unha mala orientación do centro, xa que só da o sol pola tarde. A vista disto, é necesario afrontar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reformas de illamento e de eficiencia enerxética, como primeira medida urxente e que non pode demorarse máis.

Pero son moitas máis as reformas, que son estruturais e que precisan unha actuación por parte da consellería, como pode ser a do tellado do centro de ensino, as filtracións e humidades no ximnasio, que impide que os nenos e nenas poidan usalo na súa totalidade nos días de choiva ou o afundimento do piso nalgúns aulas e corredores, que indican que o centro non ten a cimentación nas condicións adecuadas, polo que sería oportuno facer un informe xeotécnico e arquitectónico.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

-Existen informes técnicos da Consellería de Educación sobre o estado no que se atopa o CEIP Plurilingüe de Carnota?

-Respondeu a Consellería ao escrito enviado pola ANPA San Gregorio? Púxose en contacto algún responsable da Consellería coa ANPA ou coa Dirección do centro de ensino de Carnota?

-Considera necesario a Consellería executar este ano as obras solicitadas pola ANPA de cambio de fiestras e de eficiencia enerxética?

-Vai licitar a Xunta de Galiza, de forma inmediata, aló menos as obras máis urxentes no CEIP Plurilingüe de Carnota?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 13/03/2025 12:18:09

Cristina Fernández Davila na data 13/03/2025 12:20:23



A Mesa do Parlamento

Patricia García González, Julio García Comesaña, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O proxecto do Instituto IES Domingo Villar foi informado no Consello da Xunta en decembro de 2024, nun paso clave para a súa aprobación definitiva. Este proxecto, que supón un investimento total de 19 millóns de euros, un 36% máis do orzamento inicialmente contemplado, enmárcase no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica da Xunta e terá capacidade para 700 estudantes, cunha superficie de 8.200 m². As obras comezarán en 2025, cun prazo de execución de 24 meses, estando previsto que o centro estea operativo en 2027.

É importante destacar que a aprobación orzamentaria para o Instituto IES Domingo Villar reflicte un esforzo significativo para desenvolver infraestruturas educativas en Vigo como resposta ás demandas da cidade, subliñando os criterios de sustentabilidade e integración paisaxística do proxecto.



O 10 de decembro de 2024, a Consellería de Educación remitiu ao Concello de Vigo a solicitude de licencia para a construción do Instituto, a cal xa foi, polo tanto, recepcionada pola Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

Como a obtención da licenza correspondente é un paso necesario para avanzar cara á licitación das obras, e dado que, para cumprir cos prazos establecidos no proxecto básico, se deben iniciar as obras no ano 2025 cun prazo de execución de 24 meses, é polo que os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional en canto aos avances administrativos e legais necesarios para que se inicien as obras no Instituto IES Domingo Villar de Vigo?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 13/03/2025 12:20:09

Julio García Comesaña na data 13/03/2025 12:20:30

Miguel Fidalgo Iglesias na data 13/03/2025 12:20:45

María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/03/2025 12:20:56

Víctor Baladrón Lamas na data 13/03/2025 12:21:05

José Luis Ferro Iglesias na data 13/03/2025 12:21:18

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/03/2025 12:21:31

Carmen Pomar Tojo na data 13/03/2025 12:21:48



Raúl Santamaría González na data 13/03/2025 12:22:07

Cecilia Vázquez Suárez na data 13/03/2025 12:22:21



A Mesa do Parlamento

Patricia García González, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A creación do Centro de Alto Rendemento de Galicia en Pontevedra representa un avance crucial para o deporte galego, situando á nosa Comunidade ao nivel de Madrid e Barcelona na tecnificación de deportistas de elite. Con 120.000 metros cadrados e un investimento de 30 millóns de euros, este proxecto reforzará disciplinas estratéxicas como o piragüismo, a loita, a halterofilia ou a ximnasia, además de atraer talento nacional e internacional, consolidando Galicia como un referente deportivo.

Neste contexto, é fundamental que o Consello Superior de Deportes recoñeza oficialmente esta instalación como Centro de Alto Rendemento para garantir a súa máxima operatividade e acceso a recursos estatais.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comision:

Que xestións está levando a cabo a Xunta de Galicia para lograr a designación do Centro de Alto Rendemento de Galicia en Pontevedra e como impactará este recoñecemento no fortalecemento do deporte galego e na proxección dos nosos deportistas no ámbito nacional e internacional?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 13/03/2025 12:28:17

Alberto Pazos Couñago na data 13/03/2025 12:28:33

Paula Prado del Rio na data 13/03/2025 12:28:45

Julio García Comesaña na data 13/03/2025 12:29:03

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/03/2025 12:29:21



Paula Mouzo Mas na data 13/03/2025 12:29:36

María Felisa Rodriguez Carrera na data 13/03/2025 12:29:51

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/03/2025 12:30:01

Katherinie Varela Fernández na data 13/03/2025 12:30:16





Á Mesa do Parlamento

Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Gonzalo Trenor López deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Galicia leva 16 anos reclamando a transferencia da AP-9, iniciativa que aglutina un amplo consenso social e político que despois choca coa posición obstrucionista da Mesa do Congreso dos deputados.

O Goberno de coalición entre PSOE e Sumar seguen impoñendo o seu control na Mesa do Congreso para dilatar un debate que acumula xa 37 prórrogas, 22 só nesta última lexislatura, e 15 na anterior.

Tampouco o BNG, que apoiou a investidura de Pedro Sánchez baixo a promesa de facer efectivo este traspaso, é quen de forzar ao Executivo central a cumprir este obxectivo, sen que este manifesto incumprimento teña consecuencias políticas.

Recentemente coñecemos que a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) vén de convocar unha xuntanza para esixir que a AP-9 sexa gratuíta e que os galegos non sigan pagando por imposición do Goberno Sánchez as autoestradas máis caras de España.

Como é lóxico calquera iniciativa que teña por obxecto perseverar na reclamación ao Executivo central para que aborde as cuestións relativas á AP-9 con maior seriedade e transparencia, merecen todo o apoio.

Con todo, resulta rechamante que a Fegamp, presidida por un alcalde socialista, sexa incapaz de reclamar dentro do seu partido ee ao Goberno de Sánchez que asuma o compromiso que prometeron durante a campaña electoral.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Que valoración fai o Goberno galego respecto da actitude obstrucionista que protagonizan o Goberno de España e a Mesa do Congreso dos Deputados en relación coa transferencia da AP-9?





Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Roberto Rodríguez Martínez na data 13/03/2025 12:39:32

Carmen Pomar Tojo na data 13/03/2025 12:39:44

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/03/2025 12:39:54

Gonzalo Trenor López na data 13/03/2025 12:40:07

José Luis Ferro Iglesias na data 13/03/2025 12:40:20

María Deza Martínez na data 13/03/2025 12:40:32

Cristina Campero Dorado na data 13/03/2025 12:40:44

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/03/2025 12:40:54

Dolores Hermelo Piñeiro na data 13/03/2025 12:41:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre os procedementos de estabilización do persoal ao servizo da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En numerosas sentenzas o Tribunal de Xustiza da Unión Europea constatou a existencia de importantes irregularidades na contratación das administracións públicas do Estado español, apreciando o Tribunal que no Estado recórrase á contratación temporal para a cobertura de prazas estruturais e de necesidade permanente.

Asemade o TXUE apreciou negligencia no Estado Español ao transpoñer ao ámbito da contratación pública o contido da Directiva Europea 1999/70/CE do Consello, de 28 de xuño de 1999, relativa ao Acordo marco da CES (Confederación Europea de Sindicatos), UNICE (Unión Europea de Confederacións Industriais e Empresariais de Europa) e CEEP (Centro Europeo da Empresa Pública) sobre o traballo de duración determinada; que si foi incorporada no eido da empresa privada.

A non transposición da referida Directiva Comunitaria de 1999, que prohibe a utilización sucesiva de contratos de duración determinada para a cobertura de necesidades permanentes, permitiu a precarización do emprego público en diferentes AAPP incorrendo no denominado fraude de lei por abuso da temporalidade. Así, nalgún sectores da Xunta de Galiza e do sector público autonómico, a taxa de temporalidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

era superior ao 40%, existindo supostos nos que esa taxa era superior ao 90% do total do persoal contratado.

A reiteración dos pronunciamentos xudiciais que reclamaban ao Estado a adopción de medidas para por fin ás situacións de abuso da temporalidade no emprego público, así como para establecer expresamente medidas suficientemente disuasorias para evitar a reprodución futura de estas prácticas deu lugar a aprobación da Lei estatal 20/21 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ou da Lei galega 5/2022, do 21 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galiza.

A norma estatal citada, dictada co carácter de lexislación básica, establecía no seu art. 2º que:

“As ofertas de emprego que articulen os procesos de estabilización contemplados no apartado 1, así como o novo proceso de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos diarios oficiais antes do 1 de xuño de 2022 e serán coordinadas polas Administracións Públicas competentes.

A publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022.

A resolución destes procesos selectivos deberá finalizar antes do 31 de decembro de 2024”

Asemade a precitada Lei básica en consonancia coas directrices Comunitarias para evitar a precarización no emprego público exixía que:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“A taxa de cobertura temporal deberá situarse por debaixo do oito por cento das prazas estruturais”

Malia as exixencias legais e xudiciais impostas dende diferentes instancias, a realidade é que a Xunta de Galiza non esta a cumprir ningunha das exixencias impostas, estando pendentes de resolución decenas de procedementos de estabilización, cos efectos negativos que a incerteza produce non só no funcionamento do servizos públicos, senón na organización da vida persoal das traballadoras atinxidas; como tamen a taxa de temporalidade segue estando por riba do 8% que permite, como máximo, a normativa vixente.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Cantos procedementos convocou a Xunta de Galiza ao abeiro da Lei estatal 20/21 e da Lei galega 5/2022 e cantos e cales están aínda pendentes de resolución?

Cal é a razón da non resolución dos procedementos de estabilización no prazo legalmente establecido?

A cantas prazas e cantas persoas están afectadas polos procedementos de estabilización aínda pendentes de resolución?

Cal é a porcentaxe actual da temporalidade no sector público galego?

Cal é a previsión da Xunta de Galiza para a resolución definitiva dos procedementos de estabilización e a toma de posesión das adxudicatarias nos destinos definitivos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/03/2025 12:43:29

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/03/2025 12:46:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o número de prazas ofertadas no IES San Xillao para o curso 2025/2026 e .a necesidade de impulsar a renovación da zonificación escolar no Concello de Lugo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Federación provincial de asociacións de nais e pais dos centros públicos de Lugo (FAPACEL) denunciou a falta de prazas suficientes no IES San Xillao para atender a demanda de estudantes procedentes dos centros de primaria adscritos a el por zona: CEIP As Mercedes, CEIP Sagrado Corazón, CEIP As Gándaras, CEIP Illa Verde e IES San Xillao.

Esta falta de prazas fixo evidente que as tres liñas coas que foi orixinalmente concibido este centro non son suficientes para atender a demanda existente, así no curso 2023/2024 incrementouse unha liña máis no curso de 1º da ESO e no 2024/2025 ofertáronse cinco.

Segundo a FAPACEL para o próximo curso académico 2025/2026 as 120 prazas ofertadas (4 liñas) no IES San Xillao non son suficientes para atender o número de estudantes que actualmente están cursando 6º de Primaria nos centros adscritos a el.

Esta situación evidencia a necesidade non só de ampliar a oferta de prazas no IES San Xillao senón revisar con urxencia a zonificación escolar do Concello de Lugo para axustalo á realidade actual.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Cre a Xunta de Galiza que a oferta actual no IES San Xillao é suficiente para atender a demanda de alumnado dos centros adscritos a el?
- Cre que a zonificación escolar no Concello de Lugo debe ser actualizada? Vai impulsar a súa renovación para axustala á realidade actual?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Valcárcel Armesto

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2025 13:20:42

Montserrat Valcárcel Armesto na data 13/03/2025 13:22:56

Cristina Fernández Davila na data 13/03/2025 13:23:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Mosteiro de Carboeiro é un ben patrimonial que sufriu unha manchea de roubos e espolios durante a súa vida a carón do río Deza, desaparecendo pezas de incalculable valor, en moitos dos casos nunca máis devoltas nin localizadas, máis noutros, das que si se coñecen os seus paradoiros.

É este o caso de dúas pezas do tímpano da porta principal da igrexa do Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro, cuxo espolio se levou a cabo nos anos 50 como quedou demostrado, grazas aos documentos publicados polo investigador da USC Francisco Prado Vilar. Este roubo foi denunciado no momento en que se produciu por parte das autoridades de patrimonio daquel momento a través de Manuel Chamoso Lamas, Comisario da “Primera Zona de Defensa del Patrimonio Artístico Nacional”, e Xosé Filgueira Valverde, apoderado do “Servicio de Defensa del Patrimonio Artístico” da provincia de Pontevedra, ante a Dirección Xeral de Bellas Artes. Ao tratarse dun espolio ilegal dun monumento que estaba protexido pola súa condición “Monumento histórico-artístico pertencente ao “Tesoro Artístico Nacional” dende 1931, as autoridades mobilizaron incluso á policía de fronteira sen poder recuperar as obras. Estas pezas afloraron nos anos 80 do século pasado cando as adquiriu o coleccionista de arte medieval catalán, Frederic Marés, á viúva do empresario alemán afincado en Barcelona que medrou durante o franquismo chamado Ferdinand Birk Crecelius.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao ser un delito que non prescribe, a devolución das pezas pode solicitarse no momento en que se considere oportuno, estando sobradamente demostrado o seu espolio previo, sen que sexa necesario optar pola vía xudicial, a menos que de xeito amigable non se chegue a acordos.

A raíz das respostas do goberno galego sobre as accións levadas a cabo para a recuperación de ditas pezas nas que se declaraba textualmente “O pasado 24 de febreiro de 2023, a Comisión 4ª, Educación e Cultura, por unanimidade dos seus deputados e deputadas, acordou instar á Xunta de Galicia a analizar a desaparición das dúas esculturas do mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro que se atopan no Museo Marés de Barcelona. Co fin de dar cumprimento a este acordo, a Xunta de Galicia púxose en contacto co Museo Marés e o Concello de Barcelona agardando resolver o espolio levado a cabo nos anos 50. Malia isto, o Goberno galego non foi quen de resolver os feitos cos responsables de ámbalas dúas institucións, polo que se solicitou a colaboración do Ministerio de Cultura, co obxectivo de resolver esta cuestión o antes posible.” o Grupo Parlamentar do BNG ten serias dúbidas de cales foron os contactos mantidos entre as distintas partes.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1. Cando se mantivo contacto coas administracións e entidades implicadas no caso do espolio das pezas do tímpano da igrexa Do Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro?
2. que tipo de contacto se levou a cabo? Quen participou nel?
3. Prevé a Xunta de Galiza concertar no primeiro semestre do ano unha reunión entre as administracións e entidades implicadas no caso do espolio das pezas do tímpano do Mosteiro de Carboeiro na que participen tamén os expertos na materia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Cal foi a resposta por parte das entidades coa que se mantivo contacto dende o goberno galego á petición de devolución das pezas espoliadas do tímpano da igrexa do Mosteiro de Carboeiro?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/03/2025 13:28:05

Ariadna Fernández González na data 13/03/2025 13:28:09





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Patricia Iglesias Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 3ª**.

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de agarda por especialidades e áreas sanitarias, referentes a decembro de 2024. Na área sanitaria de Vigo hai 8.866 persoas esperando unha cirurxía.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e moi especialmente na área sanitaria de Vigo, son as listas de agarda cirúrxicas.

Pero como tamén é lóxico facer a comparación co ano anterior, atopámonos con que os datos son peores: 7.648 persoas había a finais do ano 2023 e 8.866 a finais do ano 2024.

O conselleiro dixo na presentación dos datos: "Sabemos que uno de los asuntos que más preocupan a los gallegos son las listas de espera, que nos permiten establecer prioridades y garantizar que no espere todo aquello que es urgente".

Pois é urxente camiñar cara adiante, baixando as listas de agarda e non que cada ano se incrementen.

A ver se sabendo que é un dos asuntos que máis lle preocupan o conselleiro, realmente se preocupa, porque non esquezamos que non hai moito pedía "importancia relativa" ás listas de agarda e que na súa opinión o importante son





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2025 13:54:00
Nº Rexistro: 21710
Data envío: 13/03/2025 13:54:00,462

“os resultados que teñen esas listas de agarda na saúde dos doentes”. Ou ben tachaba as listas de agarda, entre outras cousas, como aumento da demanda e a lonxevidade.

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes porque xeran malestar do doente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades etc. Na maior parte das veces, moito estres emocional porque unha intervención é imprescindible para que o paciente poda resolver os seus problemas.

Pero pasa o tempo e vemos que non se pon remedio as avultadas listas de agarda, o que xera queixas fundamentadas por parte dos doentes e familiares. Listas que son maiores para facer una cirurxía traumatolóxica, ofaltamolóxica, ou cirurxía xeral ou dixestiva por sinalar só algún exemplo.

Esta liña ascendente, deixa a descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Está disposta a Xunta de Galicia, a facer unha modificación orzamentaria para pór en marcha un plan que recolla melloras materiais e humanas para baixar as listas de agarda de cirurxía na área sanitaria de Vigo?

Parlamento de Galicia, 13 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74481

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2025 13:54:00
Nº Rexistro: 21710
Data envío: 13/03/2025 13:54:00.462

Elena Espinosa Mangana na data 13/03/2025 13:50:02

Carlos López Font na data 13/03/2025 13:50:15

Patricia Iglesias Rey na data 13/03/2025 13:50:26

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

74482

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a reunión mantida pola conselleira de Política Social co presidente da FEGAMP o 3 de marzo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de marzo a conselleira de Política Social mantivo unha xuntanza co presidente da FEGAMP para abordar a situación de colapso na que se atopa o Servizo de Axuda no Fogar e necesidade de revisar con urxencia o modelo de financiamento do mesmo.

Nese encontro, ao que se vetou a participación das vicepresidencias da FEGAMP por parte da propia Xunta, a responsábel de Política Social non se comprometeu a nada máis que a manter unha nova reunión no mes de abril.

O goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza continúa aprazando e dilatando no tempo unha cuestión de enorme transcendencia e urxencia non só para os concellos galegos senón para as persoas usuarias deste servizo vinculado á dependencia.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

Está disposta a Xunta de Galiza a incrementar a súa achega orzamentaria ao financiamento do SAF en 2025?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Ariadna Fernández González
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2025 16:07:23

Ariadna Fernández González na data 13/03/2025 16:10:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Ramón Fernández Alfonso, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre os cambios que quere impoñer a Xunta de Galiza no Instituto de Estatística Galego e no tratamento da información pública da administración a través de empresas privadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto Galego de Estatística é un instrumento do autogoberno galego, que ten no artigo 27.6 do Estatuto de autonomía de Galiza atribuídas as competencias exclusivas na materia. Esta previsión desenvolveuse hai 37 anos coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galiza, na que se estableceron durante décadas o marco normativo básico, a estrutura organizativa e os instrumentos de planificación da estatística para os fins da Comunidade Autónoma galega.

Recentemente, o Parlamento Galego aprobou por unanimidade unha nova lei para este ámbito, a Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galiza, na que se actualiza este marco normativo acorde coa modernización das últimas décadas e os retos de futuro da actividade.

Porén, apenas tres meses despois desta aprobación, o Consello da Xunta vén de aprobar e anunciar cambios profundos e significativos que fan saltar a alerta sobre a intención de exercer un control político máis directo e de abrir a porta a privatizar funcións de xestión da información que coliden coa actividade do IGE e que abren a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

porta a que información sensible sexa tratada por empresas privadas, afondando no baleirado do sistema público que está levando a cabo o goberno galego e afondando no cuestionamento a organismos e órganos do autogoberno que até o de agora mantiveron na independencia o seu eixo central de actuación e asesoramento.

A Xunta ten enormes carencias no procesamento de datos e na súa posta a disposición pública, pero iso non pode ser empregado como coartada para aprobar cambios significativos e privatizar funcións que deben ser propias da administración galega para garantir a independencia profesional, a obxectividade e a confidencialidade.

Así, a Xunta anunciaba o pasado 10 de marzo unha serie de medidas que ocultou na tramitación lexislativa e que pasarían por facer a enésima reformulación da fracasada Oficina Económica de Galiza, mudar adscripción do IGE e licitar un contrato para que as empresas tecnolóxicas podan ofrecer os seus servizos para centralizar, xestionar e explotar os distintos datos dos que dispón a Xunta. Esta medida abre a porta a privatizar a explotación estatística e da información que contén a administración galega.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Por que a Xunta avanza na privatización da xestión de información pública e no control político da estatística galega?

Cales son as razóns de que estas medidas se tomen agora e se ocultaran na tramitación da recente Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera as súas actuacións compatibles cos principios rectores que recolle a Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galiza?

Cales son as razóns funcionais do cambio de adscrición do IGE décadas despois?

Someteu o goberno galego estas decisións a valoración do Consello Galego de Estatística?

E do do Consello Económico e Social? Vaino facer?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2025 16:54:06

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/03/2025 16:56:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/03/2025 16:56:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás garantías e prevencións que aplica o goberno galego antes de asinar proxectos medioambientais co alcalde de San Cristovo de Cea condenado por delito contra o medio ambiente e inhabilitado por un ano para a toma de decisións políticas neste ámbito.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A protección do medio ambiente e o apoio aos concellos galegos á hora de impulsar ferramentas de saneamento deben ser prioridades do goberno galego. Mais estas liñas de actuación deben poñerse en marcha cunha dupla responsabilidade: a boa xestión pública dos recursos públicos que financian os galegos e galegas e a boa planificación para que sexan recursos efectivos e funcionais.

No marco desta dupla responsabilidade resulta sorprendente que nos últimos meses o goberno galego adquirira compromisos públicos da man do alcalde de San Cristovo de Cea ao mesmo tempo que, segundo consta nas informacións públicas, é posible que continúe inhabilitado para a toma de decisións relacionadas coa xestión de augas residuais.

Cómpre recordar que segundo as informacións públicas, a finais de abril do ano 2024 o rexedor de San Cristovo de Cea, José Luis Valladares, recoñeceu





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ateno Xulgado do Penal número 2 de Ourense ter cometido un delito contra o medio ambiente por unha vertedura de augas residuais directamente ao regato O Toxo, cuestión que chegou aos tribunais despois de varias denuncias, e telo feito osen ningún tratamento de depuración. Un acordo co Ministerio Fiscal evitou unha pena maior e a inhabilitación completa para cargo público pero si para as cuestións de xestión e decisión medioambiental.

Polo tanto, resulta sorprendente que a Conselleira de conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, e o alcalde mantiveran unha reunión pública a finais de novembro de 2024 na que se di que avaliaron vías de colaboración para mellorar o servizo de saneamento na localidade.

Máis recentemente, a finais de febreiro, este rexedor era entrevistado nas radios e medios locais o e afirmaba que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático vai financiar a reforma integral da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Cea, un proxecto a través dun convenio que se “asinará inmediatamente” e que precisará dunha achega económica de 788.000 euros a través dun convenio que abordará a separación de pluviais e fecais dentro do casco urbano da vila de Cea e “algúns ramais por aí” e que terá o seu remate antes do remate de 2025.

Neste momento non consta información pública de tal convenio e é necesario fiscalizar que o goberno galego está a tomar as cautelas e medidas adecuadas para previr asinar ningún proxecto cun alcalde inhabilitado para estas funcións e, asemade, prever que un Concello con semellante historial incorra nunha mala xestión dos recursos públicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que medidas tomou ou vai tomar o goberno galego á hora de asinar acordos políticos cun alcalde presuntamente inhabilitado para a toma de decisións en materia medioambiental?

Puxo o goberno galego a súa afinidade política ao alcalde de San Cristovo de Cea por riba das debidas prevencións á hora de decidir sobre os recursos económicos que pagan os galegos e galegas?

Que estudos e informes pediu ou vai pedir á hora de financiar investimentos en materia medioambiental no concello de San Cristovo de Cea?

Considera que o seu alcalde ten a debida exemplaridade en materia de xestión pública e xestión medioambiental?

Cal é a data, contido e contía final do convenio anunciado?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 13/03/2025 17:13:33

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/03/2025 17:13:37

Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2025 17:13:46





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4ª**.

Recentemente as analíticas practicadas en subministración de auga potable do centro de educación infantil CEIP Isaac Peral e o IES Saturnino Montojo de Ferrol revelaron niveis excesivos de ferro no abastecemento potable, polo que se prohibiu a inxusta pola comunidade educativa.

Estas noticias están a causar unha importante alarma na comunidade escolar de ambos os centros educativos de Ferrol, xa que a auga que os abastece non é apta para o consumo. As direccións dos centros enviaron aos pais e nais dos dous colexios unha mensaxe o mércores 11 de marzo que advertía que o Concello de Ferrol lles comunicara que, despois dunha análise realizada, a auga non se podía beber e instaba a que o alumnado a levase da súa casa. “estamos pendentes de novas análises”, apuntaba a mensaxe remitida, comprometéndose a que cando contasen con maior información sería transmitida.

O Partido Socialista denunciou a situación na comisión municipal de Medio Ambiente e Urbanismo e pediu explicacións ao Goberno local. E segundo a información achegada, o problema é aínda máis grave xa que ambos os centros comparten traída, procedente dunha antiga canalización de Defensa. O Concello enviou a técnicos de Emafesa a realizar analíticas, tanto no colexio como no instituto. As analíticas municipais revelaron que no CEIP Isaac Peral a concentración detectada permite o consumo pero indica a existencia dun problema, pola contra no IES a súa inxesta está prohibida. Analíticas posteriores baixan a concentración detectada pero seguen a manifestar a





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2025 18:05:13
Nº Rexistro: 21740
Data envío: 13/03/2025 18:05:13.105

existencia dun problema no subministro de auga, o que fixo que os centros pechasen as fontes de auga potable e colocasen carteis nos baños para advertir ao alumnado de que non bebesen auga da billa.

Ante esta situación non consta que a consellaría realizase ningunha acción que permitise adoptar medidas correctoras e de apoio ás direccións do centro.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. É coñecedora a consellaría da situación producida na auga potable do CEIP Isaac Peral e no IES Saturnino Montojo de Ferrol?
2. Que medidas se adoptaron para garantir a calidade da auga de ambos os centros?
3. Que reclamación realizou a consellaría diante do Concello de Ferrol para garantir a salubridade da auga potable dos dous centros educativos de Ferrol?

Parlamento de Galicia, 13 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 13/03/2025 17:52:06

Silvia Longueira Castro na data 13/03/2025 17:52:30

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74494

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á non continuidade da totalidade dos 94 nutricionistas contratados polo Sergas en 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O Bloque Nacionalista Galego leva anos demandándolle ao PP que tome medidas para deixar de poñer en risco a saúde e a vida d@s galeg@s coa súa política de deterioro da sanidade pública galega. Nesa dirección esiximos un novo modelo de Atención Primaria, medidas concretas, factíbeis e precisas, para cambiar o actual modelo fracasado por un baseado en equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación. Un novo modelo que lle garanta as galegas e galegos ter os mellores coidados sanitarios, unha atención sanitaria de calidade, que protexa @s profesionais da sanidade pública galega e poidan traballar nunhas condicións dignas. Unha atención primaria que non só atenda a enfermidade, senón a prevención da mesma e a promoción da saúde.

Cunha atención primaria con recursos podería atender entre o 80 e 90 % dos problemas de saúde da poboación, evitando que teñan que acudir a urxencias, evitando hospitalizacións, evitando cronificacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dentro das medidas que o BNG leva plantexando é a incorporación de categorías novas: psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, nutricionistas, podólogos, ópticos- optometristas... para sumar ás existentes e formar as equipas multidisciplinares, mais o Partido Popular sempre votou en contra de todas as iniciativas que presentamos.

Houbo que agardar a finais de 2022 para que o Sergas procedera a contratar a 94 nutricionistas para que prestaran os seus servizos en centros de saúde. Decisión tomada en función da existencia de fondos da Unión Europea destinados a este fin.

A pesares da escasa planificación e pouco interese por integrar a est@s profesionais por parte do Sergas, o seu ben facer verificouse altamente satisfactorio, e moi ben valorado pola poboación. Atenderon doentes con diabetes, obesidade, trastornos alimentarios...

Esta boa valoración non foi suficiente para que o Sergas, non só mantivera os 94 contratos, senón que planificara a súa integración e estabilidade en número suficiente, acorde ás ratios establecidas polas diferentes organizacións sanitarias. Polo contrario tomou a decisión de prescindir de 49 dos mesmos desde finais de febreiro, e só manter o contrato de 45.

Esta decisión mostra a improvisación e a falta de planificación. Ofértanlle a poboación unha atención que valora positivamente e mellora a atención sanitaria que reciben e logo deciden deixala reducida á metade, e polo tanto a miles de galeg@s sen esta atención.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cal é a razón pola que o Sergas prescinde de 49 dos 94 nutricionistas contratad@s en 2022 para prestar os seus servizos nos centros de saúde?

Non foi satisfactorio o seu traballo?

Fixo o Sergas unha avaliación do traballo realizado?

Parécelle razoábel ofertarlle á poboación unha atención que valora positivamente e mellora a atención sanitaria que reciben e logo deciden deixala reducida á metade, e polo tanto a miles de galeg@s sen esta atención?

Coida o Sergas que 45 nutricionistas son suficientes para atender ao conxunto da poboación de Galiza?

Non lle parece que con esta decisión está fomentando unha iniquidade manifesta entre a poboación?

Cal é a planificación para que o conxunto d@s galeg@s poidan recibir atención de nutricionistas?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/03/2025 18:17:26

María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2025 18:17:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de modificar as bases da convocatoria das axudas para adquirir libros de texto e material escolar para alumnado de educación Primaria, ESO e Educación Especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o vindeiro curso escolar 2025/26.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data de 26 de xuño de 2024 recaeu Sentenza 00496/2024 da Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (sec. 001), a resultas do procedemento ordinario nº 367/2023 seguido en virtude do recurso contencioso-administrativo interposto pola Federación Down Galicia, contra a Orde de 10 de maio de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galiza, pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/2024 (códigos de procedemento ED330B, ED330G e ED 330H).

A antedita sentenza contén un Fallo estimatorio da pretensión do citado recurso contencioso-administrativo interposto pola Federación Down Galicia no que se declara taxativamente a nulidade dos apartados 2 e 3 do artigo 2 da Orde referenciada ut supra, e publicada no DOG de 19 de maio de 2023. Dada a ausencia de recurso de casación, por parte da Xunta de Galiza perante a Sala Terceira do Tribunal Supremo ou perante o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, dentro do prazo establecido (trinta días contados desde o seguinte á notificación desta resolución), tal sentenza deveu firme. Chegados a este punto, pasamos a reproducir aquí o contido literal dos apartados 2 e 3 do artigo 2 da Orde de axudas referenciada:

Artigo 2. Asignación de libros e contía das axudas

2. A contía das axudas para adquirir libros de texto será:

a) Para o alumnado de 1º e 2º de EP:

1º. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 240 €.

2º. Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 160 €.

b) Para o alumnado matriculado en EE, en centros específicos ou en unidades de EE de centros ordinarios, ou con unha discapacidade igual o superior ao 65 %, a contía das axudas será de 300 € con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

c) Para o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o importe da axuda será o maior correspondente ao ensino en curso en que estea matriculado, con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

d) Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ao que se refire a disposición adicional segunda desta orde:

Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP:

1º. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 240 €.

2º. Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 160 €.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alumnado de ESO:

1º. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 270 €.

2º. Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €:
180 €.

3. A contía da axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado matriculado en EP e en ESO será a seguinte:

1º. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 75 €.

2º. Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 60 €.

O alumnado que estea en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % será beneficiario desta axuda por importe de 75 € con independencia da renda”.

Vista a redacción dos apartados 2 e 3 do artigo 2 da citada Orde de 10 de maio de 2023, é evidente (e así o sanciona a referida sentenza, mediante a súa declaración de nulidade), que tanto as axudas para a adquisición de libros de texto, como aquelas establecidas en relación coa adquisición de material escolar son claramente discriminatorias para aquel alumnado con discapacidade acollido a unha modalidade educativa inclusiva, fronte a aqueloutro alumnado con discapacidade matriculado nun centro especial ou nunha unidade especial dun centro ordinario. É dicir, os citados apartados 2 e 3 do artigo 2 establecen unha clara discriminación do alumnado con discapacidade, en función da modalidade de escolarización na que estean integrados, tal e como o amosa o feito de que se fixan unhas axudas suxeitas a un réxime diferenciado en función do tipo de escolarización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Concretamente; primase ao alumnado matriculado en educación especial (EE) en centros específicos ou en unidades específicas de centros ordinarios, sobre o de 1º e 2º de educación primaria con discapacidade e necesidades educativas especiais que estean escolarizados en centros ordinarios (educación inclusiva), pois estes últimos só teñen dereito ás axudas escolares mediante acreditación dos umbrais de renda familiar establecidos no artigo 2. 2 a) da citada Orde, mentras que os primeiros reciben unha axuda maior (a máxima axuda), con independencia da renda per cápita da unidade familiar. E o mesmo sucede para o establecido no artigo 2.3.

Tal discriminación, absolutamente arbitraria, (e por ende, declarada por sentenza xudicial, nula) é contraria a toda a normativa educativa vixente, non só autonómica e estatal, senón tamén Europea (léase a Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade) e contravén a doutrina establecida pola xurisprudencia, quen establecen claramente, a prevalencia da educación inclusiva do alumnado con discapacidade; é dicir a educación recibida en centros ordinarios e sometida aos correspondentes apoios necesarios. Asemade, a citada Orde supón unha creba do dereito á igualdade e non discriminación establecido polos artigos 14 e 27 da Constitución Española.

Por outro lado, o artigo citado (nos seus apartados 2 e 3) introduce unha clara, inxustificada e indebida confusión ao establecer un baremo fixado no 65% de grao de discapacidade como criterio para outorgar o máximo importe de axuda (tanto para adquisición de libros de texto como para o material escolar) e excluír do requisito de acreditación do umbral de renda da unidade familiar que, polo contrario, si se esixe para aquel alumnado matriculado na modalidade de escolarización inclusiva. Neste sentido, tal e como establece a Sentenza Xudicial de referencia, o establecemento do grao de discapacidade conleva un “desenfoque que entraña unha distorsión”, na redacción da Orde, pois tal baremo procede dos órganos e equipos de valoración técnicos especializados independentes da Consellaría de Educación, “sendo o seu marco





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

normativo o Real Decreto 888/2022, de 18 de outubro (Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030), que nada ten que ver co ámbito educativo, nin é o que pode computarse para as necesidades educativas do alumnado, pois estas son as que fixan os equipos de orientación educativa dos centros, nos informes de avaliación psicopedagóxica, conforme os artigos 34 e 35 do Decreto 229/2011, de 7 de Decembro, (que regula a atención á Diversidade)”.

A Orde ten sido publicada pola Consellería de Educación sucesivamente no DOG, durante os últimos dez anos, con idéntica redacción. Por outro lado, a Consellería tivo coñecemento das críticas das que foi obxecto (incluída a interposición de recurso administrativo e contencioso-administrativo perante o TSXG, por parte da Federación Down Galicia). Así, resulta incomprensíbel que, en ningún caso a Xunta de Galiza, procedese á súa corrección conforme á legalidade que debe rexer toda actuación administrativa. Mais o que xa se torna en absolutamente indignante é que, con posterioridade á notificación da Sentencia aludida ao comezo deste escrito, a Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP, non procedese a publicar a correspondente corrección de erros da Orde de 7 de maio de 2024 publicada no DOG, o 20 de maio), introducindo a súa modificación, mediante a restauración do principio de igualdade entre o alumnado con discapacidade e/ou necesidades de apoio educativo, conforme o a normativa educativa vixente, así como o estimado no contido da Sentenza xudicial citada.

Por último, sinalar que, perante a falta de acción da Consellaría de Educación no sentido descrito, a Federación Down Galicia víuse forzada a interpoñer outro recurso contencioso-administrativo contra esta última Orde do 7 de maio de 2024 que xa foi resolto, a través dunha nova sentenza xudicial estimatoria, ditada o pasado 19 de febreiro deste ano, no mesmo sentido que a anterior.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP programar e planificar para o vindeiro curso escolar 2025/26 un sistema de gratuidade para todo o alumnado e así dispoñer de libros de texto para todas as etapas educativas por un número mínimo de anos, evitando calquera tipo de discriminación?

2.- Á falta de vontade política da Xunta de Galiza para asumir a gratuidade de libros de texto, que accións pensa levar a cabo a Consellaría de Educación para garantir os dereitos constitucionais e da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade do alumnado galego, cando elabore a Orde que regule a participación no fondo solidario de libros de texto e as axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en E. Primaria, ESO e E. Especial en centros docentes para o curso 2025/26, acatando así as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza do 26 de xuño de 2024 e a do 19 de febreiro de 2025?

3.- Que medidas vai impulsar a Consellaría de Educación para compensar a todas as familias prexudicadas pola aplicación dos apartados 2 e 3 do artigo 2 da Orde de 7 de maio de 2024, publicada no DOG o 20 de maio que non foi modificada despois de ter coñecemento da sentenza do TSXG do 26 de xuño onde os declaraba nulos?

4.- Non foi consciente a Xunta de Galiza de que se estaba a cometer unha discriminación clara con moitas familias con fillos e fillas con NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo), discapacidade menor ao 65% oumatriculadas en centros ordinarios, que teñen un maior gasto educativo que outras familias?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 13/03/2025 18:19:38

Ariadna Fernández González na data 13/03/2025 18:22:27





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de agarda por especialidades e áreas sanitarias, referentes a decembro do 2024. Que nos sitúan en 355.712 persoas esperando unha proba diagnóstica, unha consulta especializada ou unha cirurxía.

Corresponderíanse con: 113.606 persoas pendentes dunha proba diagnóstica, 196.267 pendentes dunha consulta e 45.839 pendentes dunha cirurxía.

É certo que a nivel global o número diminuíu, polo efecto da diminución das consultas, dado que as persoas pendentes dunha cirurxía aumentaron e as probas diagnósticas mantéñense practicamente estancadas.

O conselleiro dixo na presentación dos datos do ano 2024: "Sabemos que uno de los asuntos que más preocupan a los gallegos son las listas de agarda, que nos permiten establecer prioridades y garantizar que no espere todo aquello que es urgente".

E efectivamente é un dos temas que máis preocupan aos galegos e ás galegas porque distan moito de ser satisfactorios, senón todo o contrario. E que acaban converténdose nun dos grandes problemas que ten a sanidade.

E non nos referimos á calidade, nin aos profesionais sanitarios cuxo nivel é excelente, senón aos problemas que se orixinan pola ineficiencia do sistema,





ao non poder responder á demanda existente, xerando atrasos e saturación. Saturación que reverte nunhas listas moi avultadas.

Ademais, as listas de espera oficiais en Galicia, non reflicten a realidade do que supón unha espera para a atención dunha consulta, unha cirurxía ou unha proba médica, pero son os únicos datos dos que dispoñemos para facer unha valoración.

Non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade son importantes. Son persoas que teñen problemas de saúde, que están pendentes dunha consulta, de probas diagnósticas, dunha cirurxía, e que a súa saúde seguramente se agrava mentres están pendentes de ser atendidos. Pero tamén xera malestar, angustia e inseguridade nos seus familiares.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de agarda para consultas en Galicia?
2. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de agarda de cirurxía?
3. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de agarda de probas diagnósticas?

Parlamento de Galicia, 13 de marzo de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2025 18:29:10
Nº Rexistro: 21759
Data envío: 13/03/2025 18:29:10.411

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 13/03/2025 18:20:31

Silvia Longueira Castro na data 13/03/2025 18:20:42

CSV: BOPGDSPG-RprZe8dtb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

74508

@PSdeG



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-RprZe&dtb-5

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

